




os con Galicia

ÍNDICE

OBRADOIRO 25

Revista de Arquitectura
Colexio de Arquitectos de Galicia

EDITORIAL	2
MONOGRAFIA: OPERA PRIMA	
Teoría da araña de auga Manuel Rivas	4
Buscando a Godot. Paco Pestana	5
Arquitectos novos, clientes novos, casas novas... Plácido Lizancos Mora	6
Os arquitectos novos Andres Fernandes-Albalat Lois	10
Carta ós arquitectos de mañá Richard Neutra	11
Vivenda unifamiliar Xosé Manuel Rosales Noves	14
Vivenda unifamiliar Gonzalo Cano Pintos	20
Vivenda unifamiliar Carlos Quintáns Eiras, Cristobal Crespo González	26
Vivenda unifamiliar José Ventura Real	32
Vivenda unifamiliar Jorge Salvador Fernández	36
Vivenda unifamiliar José Bernardo Távora	40
Vivenda unifamiliar J. M. Búa Gil, X. A. Franco Rabuñal, V. Pintos Santiago	46
Casa Rego Xan Casabella López	50
Pequena vivenda para fin de semana Enrique Seoane Prado	54
Vivenda unifamiliar Xosé M. Vázquez Rodríguez	58
Vivenda unifamiliar illada Guiseppe Agata Giannocari, Sonia Facchin	60
Edificio de vivendas e locais comerciais Jesús Irisarri Castro, Guadalupe Piñeira Manso	64
Edificio de vivendas de protección oficial Cándido López, María Carreiro	70
Centro social de día para a Cruz Vermella Ignacio Alonso Velasco, José Manuel Alonso Velasco, Ricardo Beltran Pedreira, Javier Alvarez Pablos	74
Reforma de local comercial Mario di Felice Vázquez, Carlos di Felice Vázquez	76
Establecemento para servizos infográficos Xosé Ramón Estévez Rodríguez	82
Edificio de oficinas Carlos M. Muñoz Fontenla, Luis W. Muñoz Fontenla	84
Centro de rehabilitación e edificio administrativo Tomás López Lamas, Francisco Otero Méndez	88
Xoiería Cortizo Fernando Agrasar Quiroga	92
Centro de educación primaria e infantil Xesús Alvarez Flórez	94
Centro para xuntanzas veciñais Manuel E. López Vázquez, Manuel Pena Rodríguez	98
Casa da Cultura Pedro R. Iglesias Pereira, Joaquín Fernández Madrid	100
Pavillón para exposicións permanentes José Luis Basanta Cillero, Ángel Francisco Velando Rodríguez	104
Duas actuacións de "O Cerne da Deboura"	108
Escaletas urbanas e bolsa de traballo Salvador Fraga Rivas	110
Acondicionamento de vivenda para escola-taller Jaime Rodríguez Abilleira, José Manuel Peña Serna	114
Nova sede da sección regional do norte da asociación de Arquitectos Portugueses María Helena Rente, José Carlos Portugal, Tiago Falcão	118
Nova sé da delegación do COAG en Lugo Mercé Berengüé, Miguel Roldán Andrade, José Ignacio López de Rego, Alberte González Rodríguez	124
A orixe urbanística na cidade da Coruña (II) Xosé Lois Martínez Suárez	128
CONCURSOS	138



Dragados

1945 / 1995

VESCOM

VESCOM se dedica a la fabricación de revestimientos murales, textiles y vinílicos

VESCOM VINÍLICO

Consta de cinco colecciones de gran diseño y calidad.



Principales características: clasificación fuego M1; inalterable a la luz; resistente a los golpes; de juntas invisibles y de bajo coste de mantenimiento; con múltiples posibilidades en mamparas de oficina y parámetros verticales.

VESCOM VINÍLICO + TEDLAR

Tiene las mismas características que el VESCOM VINÍLICO, más una capa de TEDLAR que lo hace aséptico.


Se instala especialmente en clínicas, hospitales y colegios.

VESCOM + TEDLAR es adecuado para quirófanos, salas de scanner, laboratorios bacteriológicos, etc.




OBRAS REALIZADAS

Alianza, Barcelona	IMQ Hospital de Galicia, La Coruña
Centro de Homodonación, Santiago de Compostela	Quirófanos Pza. Toros Vista Alegre, Bilbao
Centro de Rehabilitación de Levante, Valencia	Policlínico San Carlos, Murcia
Centro Sanitario Valle de Hebrón, Barcelona	Mutua de Accidentes (MAZ), Zaragoza
Clínica Corachán, Barcelona	Hospital San Pablo, Barcelona
Clínica Ntra. Señora del Pilar, Barcelona	Clínica Ntra. Señora de Fátima, Vigo
Clínica Dexeus, Barcelona	Hospital Campdevanol, Campdevanol, Gerona
Clínica Montpellier, Zaragoza	Laboratorio Esteve, Barcelona
Clínica New Teknon, Barcelona	Residencia de mayores de la Diputación Foral, Éibar
Fundación Puigvert, Barcelona	Residencia de mayores Maguilar, Madrid
Hospital Josep Trueta, Gerona	Hospital Insular, Las Palmas, Canarias
Hospital Sagrado Corazón, Barcelona	Clínica Ntra. Señora del Pino, Las Palmas, Canarias




Mobiliario de Diseño
Hogar • Oficina
Iluminación • Complementos


FINISLEBBU3



Finisterrae Diseño
Pintor Joaquín Vaamonde 3
15005 A Coruña
Tel. / Fax 981-120641



DISTRIBUIDOR DE:



THORO SYSTEM PRODUCTS S.A.

Impermeabilización: * Productos de base cementosa que actúan tanto con presión positiva como negativa.
* Morteros elásticos para la impermeabilización de estructuras sujetas a movimiento.
* Selladores de vías de agua.

Restauración: * Mortero de Reparación.
* Sistemas de Recarbonatación y protección de estructuras de hormigón.
* Hidrofugantes en base agua sin disolventes.
* Morteros monocapa. Impermeables y resistentes a la contaminación.

Pavimentos: * Cementos autonivelantes de gran resistencia a la abrasión.
* Autonivelantes epoxy y poliuretano resistentes a los ataques químicos (grasas, aceites, ácidos, etc.).

"Dios está en los detalles."

(Ludwing Mies van der Rohe)

Probablemente sea una cita apócrifa, pero seguro que Mies van der Rohe la suscribiría completamente, y con él muchos otros grandes arquitectos y diseñadores de todos los tiempos.


Así lo creemos en TECAM. Por eso nos esforzamos cada día en mantenernos fieles a este espíritu y en ofrecer productos y servicios a nuestros clientes que respondan a las mayores exigencias.

En TECAM disponemos de muebles y equipamientos para oficina seleccionados entre los mejores fabricantes del mundo. Los últimos diseños con todo lujo de detalles, para que sus oficinas estén siempre a la altura de su empresa.

Detalle de la entrada de cableado en un pie del puesto de trabajo. Serie Ellipse diseñada por Henner Werner.




Mesa de trabajo en Peral Silvestre. Detalle del cajón en Haya Natural. Serie Greco diseñada por Gérard Sammut.




Soporte de teléfono pivotante. Serie Ellipse diseñada por Henner Werner.



Pantalla portaaccesorios de la serie Topic. Diseño de Friedrich Förtsch y Rob Nitzsche.



Detalle del tablero de la mesa Greco en Sicomoro. Diseño de Gérard Sammut.



TECAM

C/ Gambrinus, 47 . Pol. La Grela, 15008 La Coruña (España).
Tel.: (981) 26 06 66 - 26 77 40 - Fax: (981) 27 92 28.

Av. de Madrid nº 28, 36204 Vigo (España).
Tel.: (986) 48 07 75 - Fax: (986) 48 32 89



INDUSTRIAS DEL NOROESTE S.A.

INOSA

Elaborados en POLIESTERENO EXPANDIDO

- * ELEMENTOS PARA LA CONSTRUCCION.
PLANCHAS AISLANTES, BOVEDILLAS, FALSOS TECHOS, PERLITA, ETC.
- * AISLAMIENTO PARA LA INDUSTRIA DEL FRIO.
- * CAJAS PARA PESCADO.
- * EMBALAJE PARA LA INDUSTRIA.

Fábrica y Oficinas:

Polígono Ind. de Sabón- Parcela 104

Telf.: 60 09 58 (3 líneas) - Fax: 60 04 52

15142 ARTEIXO - LA CORUÑA

GRUPO FONICO STEREO 921
SERIE FUTURA
2.5 W + 2.5 W
Amplificador Y
Altavoz 8" bicolor

ALIMENTACION DE MANDO
CONTROL GRUPO
NIVEL REGULADO
NIVEL REGULADO

INDESYS
MANDO 915
Volumen

AUX

ON

INDESYS
CENTRAL 907
Nivel

Fusible ON/OFF Entrada

INDESYS
CENTRAL 908
Nivel

Entrada Mx. Min. 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

ON

INDESYS
MANDO 911
Volumen

SONIDO AMBIENTE

INDESYS

Polígono Icaría • Calle Icaró, 30 • Teléfono/Fax: (981) 63 84 89 • 15172 PERILLO - Oleiros (La Coruña)



CONSTRUCCIONES FONTENLA, S.A.

Plaza LUIS SEOANE, Torre 2, Entpl. - 15008 LA CORUÑA

Tel.: 981 / 13 07 10 - Fax: 981 / 28 15 85 - Aptdo.: 783 - 15080 LA CORUÑA

DELEGACIONES:

C/. AREAL, 58-60, 4º C - Telf.: 986 / 43 16 69 - Fax: 986 / 22 50 26 - 36201 VIGO

C/. ORTEGA Y GASSET, 18, entpl. - Telf.: 982 / 22 88 53 - Fax: 982 / 25 10 42 - 27002 LUGO



Restauración del Convento de las MM. Dominicas, de Belvís

Arquitectos: Rafael Baltar, José Antonio Bartolomé y Carlos Almuñía

Promotor: **CONSORCIO DE SANTIAGO**

NEOR, S.A. EMPRESA CONSTRUCTORA



Laureles, 9 - Telf.: 56 30 26 - 56 32 26 - 15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA



FOTOGRAFIA: EDUARDO R. OCHOA

RESTAURACION DA IGREXIA DE SANTA MARIA DO VAL DO MAO
(SAN EUFRASIO) O INCIO, LUGO


OBRA PROMOVIDA POLA SECRETARIA XERAL PARA O TURISMO
ARQUITECTO SANTIAGO CATALAN TOBIA

RESCONSA
RESTAURACION DO PATRIMONIO HISTORICO GALEGO
LUGO



EDICIÓN DO CASTRO

DO GRUPO SARGADELOS



SADA-CORUÑA

Tfnos. 620200 e 620937

Fax 623804

	<u>P.V.P.</u>
- LA CASA AZUL, de Yago Bonet Correa	300 ptas
- IMÁGENES, de César Portela	300 ptas
- EL COLOR EN ARQUITECTURA, de Teresa Táboas Veleiro	4.000 ptas
- ARQUITECTURA Y PREEXISTENCIAS, de Rafael Baltar Tojo	1.300 ptas
- LA ARQUITECTURA DEL HUMO, de Yago Bonet Correa	2.350 ptas
- O LIBRO DAS GALERÍAS GALEGAS, de Xosé de Castro Arines	1.800 ptas
- ONS. A ARQUITECTURA DUNHA COMUNIDADE DESAPARECIDA, de Pedro de Llano	500 ptas
- LAS DEFENSAS DE GALICIA, de J.A. Rodríguez-Villasante Prieto	2.000 ptas
- EL FARO ROMANO DE LA CORUÑA, de S. Hutter e T. Hauschild	2.500 ptas



CONSTRUCCIONES METALICAS
TUBERIA • CALDERERIA • DEPOSITOS
ACERO INOXIDABLE

POLIGONO INDUSTRIAL DE BOTOS, 11
APARTADO 161 - TELEF. 78 20 45 (3 LINEAS)
FAX 78 34 78
36500 LALIN (PONTEVEDRA)




ISOLUX WAT

EDIFICACION

Edificio ISOLUX - Avda. Finisterre, 309-311
15008 La Coruña
Teléfono. (981) 25 27 00 - Fax. (981) 25 23 34



ISOLUX WAT EDIFICACION
es el AREA de NEGOCIO que integrado en el Grupo Multidisciplinar ISOLUX, orienta sus actividades al SECTOR de la CONSTRUCCION de EDIFICIOS "llave en mano", respondiendo a los segmentos de la edificación con el más alto contenido de instalaciones.




arquing S.L.
Calefacción y Conford

AXPIR

ASPIRACION CENTRALIZADA

"LA GRAN DIFERENCIA DEL AXPIR: SE ENCHUFA EN LAS TOMAS DE ASPIRACION Y YA ESTA; SIN NECESIDAD DE CONEXIONES ELECTRICAS"






- + CONFORT
- + SILENCIOSO
- + POTENCIA
- + FACIL
- + HIGIENICO
- + SEGURIDAD



Ideal para nuevas obras.
Pidanos presupuesto sin compromiso.
C/ Rafael Alberti, 5 - 1º C
15008 La Coruña
Telf.: 981 / 29 43 41. Fax: 981 / 29 43 55.

CARPINTERÍA MANUEL FUENTES MÉNDEZ



CORREDOIRA, 5 - APDO. CORREOS 157
TFNOS.: (986) 78 02 53 - (908) 88 45 34 - FAX: (986) 78 08 20
36510 LALÍN

LIBROS DE ARQUITECTURA E URBANISMO



Praza do Libro, 1
A Coruña

 (981) 26 38 54

fax (981) 25 95 44

Por 3.190.000* Ptas. puede tener un buen coche

Nuevo Saab 900 2.0i



Otras versiones de la Gama Saab 900 (3 y 5 puertas): S 2.0i (133 CV), S 2.3i (150 CV), SE 2.5i V6 (170 CV), S 2.0i Turbo (185 CV) y versión especial Coupé Sport.

... o dos.

Un deportivo y un familiar. Es el nuevo Saab 900 2.0i Coupé, con 133 CV, cinco cómodas plazas y el máximo equipamiento de serie propio de todo Saab. Y para que lo disfrute con tranquilidad, le ofrecemos ahora la posibilidad de extender la Garantía Oficial hasta 3 años^{**}.

Venga a Beny Fernández e Impobam Motor y disfrute del deportivo más familiar de Saab. Con todas las garantías.



* IVA, Transporte e Impuesto de Matriculación incluido
** Opcional

BENY FERNANDEZ, S.L.

Avda. de las Camelias, 47
Tel.: 47 22 00
Vigo

IMPOBAM MOTOR

Joaquín Planelles, S/N
Pol. Ind. La Grela
Tel.: 15 25 95
La Coruña



SAAB

más allá de lo
convencional

PUBLICACIÓNS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

- R. González Villar e a súa época. *Varios*, Vigo, 1975.
- El hábitat castreño. A. *Romero Masiá*, Santiago, 1976.
- Bamiro, un estudo do hábitat rural galego. X. M. *Lema Suárez*, Santiago, 1977.
- Proyecto y ciudad histórica. *Varios*, Vigo, 1977.
- Arquitectura prerrománica. M. *Núñez*, (col. Historia da Arquitectura Galega), Madrid, 1978.
- Arquitectura modernista no Ferrol 1900-1925. X. *Fco. Freire Corzo*, A Coruña, 1978.
- Maside, un pintor para unha terra. *Varios*, Vigo, 1979.
- La arquitectura del pazo en Vigo y su comarca. A. M. *a Pereira Morales*, Madrid, 1979.
- El barrio de La Magdalena del Ferrol. S. *Tarragó*, A. *Vigo*, J. A. R. *Villasante*, Vigo, 1980.
- Vigo, arquitectura modernista 1900-1920. L. S. *Iglesias*, X. *Garrido*, Vigo, 1980.
- Desarrollo y deterioro urbano de la ciudad de Vigo. J. L. *Peireiro Alonso*, Vigo, 1981.
- Galicia, a destrucción e a integración do patrimonio arquitectónico. *Varios*, Vigo, 1981.
- Arquitectura popular en Galicia, (2 vol.). P. *de Llano*, Vigo, 1981-1983. Reedición. 1996. Próxima aparición.
- O muiño de mar de A Seca. P. *de Llano*, Vigo, 1980.
- Arquitectura vernácula en Pontevedra. F. *Martínez Sarandeses*, Vigo, 1982.
- Arquitectura románica de La Coruña: Faro-Mariñas-Eume. COAG-ETSAC, Vigo, 1983.
- Arquitectura románica da catedral de Santiago de Compostela. K. J. *Conant*, Vigo, 1983.
- Catálogo de arquitectura, A Coruña 1890-1940. X. L. *Martínez*, X. *Casabella*, A Coruña, 1984-1989.
- Desarrollo urbano y crisis social en Ferrol. E. *Clemente Curbillas*, Salamanca, 1984, (coedición coa Universidade de Salamanca).
- Galicia, patrimonio arquitectónico, cidade e territorio. *Varios*, Vigo, 1984.
- La arquitectura gallega del siglo XIX. P. *Navascués*, A Coruña, 1984.
- Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII. A. *Vigo Trasancos*, Vigo, 1985.
- Arquitectura gótica en Galicia. COAG-ETSAC, Vigo, 1986, (coedición coa Universidade de Santiago de Compostela).
- Los teatros de Ferrol, el Teatro Jofre. J. L. *Alonso*, A. *Cainzo*, A. *Rodríguez*, A Coruña, 1986, (coedición co Concello de Ferrol).
- As galerías da Mariña, A Coruña 1869-1884. X. L. *Martínez Suárez*, A Coruña, 1987.
- Los jardines cerrados. José A. *Martín Curty*, Vigo, 1987.
- Santiago de Compostela 1850-1950. P. *Costa Buján*, J. *Morenas Aydillo*, Santiago, 1989, en colaboración co Concello de Santiago de Compostela.
- Castrelos: aproximación arquitectónica. José A. *Martín Curty*, Vigo, 1989, en colaboración co Concello de Vigo.
- A catedral de Santiago e o barroco. Xosé M. *García Iglesias*, Santiago, 1990.
- Pazos de Galicia. Xosé M. *García Iglesias*, (Tomo I), A Coruña, 1989-1992.
- Pazos de Galicia. (Tomo II). Fichas equipo COAG
- Imaxe de Compostela - Unha cidade de pedra nas vellas fotografías. José L. *Cabo Villaverde*, Pablo *Costa Buján*, Santiago, 1991.
- Primeiras Xornadas de Planificación Especial para os Conxuntos Históricos. *Varios*, Santiago, 1992.
- Pacewicz, arquitecto vigués. José A. *Martín Curty*, Vigo, 1992, en colaboración co Concello de Vigo.
- Actuaciones urbanas en bordes marítimos. *Varios*. A Coruña, 1993.
- A Praza de María Pita. A Coruña (1859-1959). Xosé Lois *Martínez Suárez*. A Coruña, 1993.
- Sempre en Lugo. *Varios*, Lugo, 1993.
- El balneario. La ciudad ensimismada. María A. *Leboreiro Amaro*. Vigo, 1994.
- La Alameda (Vigo, 1828-1978). José A. *Martín Curty*. Vigo, 1994.
- Alejandro de la Sota. Construcción, idea y arquitectura. José *Benito Rodríguez Cheda*. A Coruña, 1994.

DISTRIBUIDORES

PARA GALICIA:

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA
Praza da Quintana, 3
Teléfono (981) 58 03 21
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

GALAXIA

Reconquista, 1
Teléfono (986) 43 21 00
36201 VIGO

PARA RESTO DE ESPAÑA:

ALBORA LLIBROS
Plaza Romualdo Alvargonzález, 5
Teléfono (98) 535 42 13
33002 GIJÓN

PARA AMÉRICA E PORTUGAL:

LIBRERÍA COUCEIRO
República de El Salvador, 9
Teléfono (981) 56 58 12
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA

OBRADOIRO 25
REVISTA DE ARQUITECTURA

EDITORIAL

Vintecinco números de OBRADOIRO. Dezaioito anos de vida.

Un dobre acontecemento.

Para a súa conmemoración, a obra dos máis novos profesionais.

Dos que inician agora a súa andaina profesional. Primeiros alumnos da Escola de Arquitectura de Galicia. Ex-alumnos, e agora compañeiros, de profesionais en plena madurez.


A mostra, sen vocación totalizadora, está nestas páxinas. A obra, moitas veces silandeira e marxinada pola crítica, agáchase en mil e un recantos do país.

O futuro xa está aquí.

Cunha ricaz diversidade na que se acubillan variadas tendencias. Plasmadas en acertos, intentos, imitacións, aventuras ou experimentos que, en non poucas ocasións, amosan o desasosego propio dos que andan a procura dunha linguaxe de seu.

A revista Obradoiro é xa, queiramos ou non, un pouco historia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. O seu número cero saía do prelo en xuño de 1978, cinco anos máis tarde da creación do COAG. Hoxe saudamos o número vintecinco. Non é pois pequena xeira. Na presentación do número cero dicíase que *"unha das preocupacións constantes da Comisión de Cultura, case desde o seu nacemento no 1974, foi e é dotar ó COAG, e a traveso dél á sociedade galega, dunha revista que fora un instrumento aberto de información, estudio e discusión, sobor de todo o relacionado coa arquitectura, o urbanismo, a construcción e o medio ambiente"*. Non embargante este degoiro considerábase entón, prudentemente, como demasiado cobizoso, e principiouse cunha edición dun modesto boletín concebido para ser unha primeira escola de aprendizaxe. Aquel boletín chegou ó número oito e cumprido xa o seu papel, daba paso a un experimental número cero de Obradoiro, nome por certo de evocadoras intencións. Foi un longo camiño. Como en todo proxecto, cecáis non se acadasen todos os obxectivos que se tracexaron. Pero non debe negarse empeño para logralos por parte dos equipos encargados da súa confección. Certo é tamén que queda moito por andar. En calquer caso todo e mellorable, pero coa edición desta nosa revista cúmprese un dos obxectivos fundamentais do COAG, a proxección cultural da Arquitectura á sociedade.

Xosé Manuel Rey Pichel
DECANO-PRESIDENTE DO COAG



OPERA PRIMA

TEORÍA DA ARAÑA DE AUGA

MANUEL RIVAS, escritor

Co seu *Ulysses* James Joyce puxo a concepción da novela e do narrador patas arriba. Para buscarlle unha equivalencia digna de tal estoupido hai que remitirse á lei da Relatividade de Albert Einstein. Na súa histórica siesta á sombra da maceira, Newton levitaba e pégaballe un mordisco á maza pendurada da póla. Podemos pensar tamén no cibismo de Picasso ou na arquitectura de Frank Lloyd Wright ou no cine de Griffith. A cuestión que agora nos interesa é a seguinte: ¿Que había do Joyce de *Ulysses* no primeiro Joyce?

Polo prezo de dúas libras e cinco peniques, James Joyce fixo 85 copias do seu primeiro traballo impreso, *The day of the Rabblement*. Era, no fondo, unha diatriba contra o teatro nacionalista irlandés, unha rebelión contra os tópicos que daban lugar tamén a unha arte tamén tópica, onde o autor era un mero intermediario do que se consideraban necesidades terapéuticas dunha colectividade. Ese obxectivo, respetable desde o punto de vista político e mesmo sanitario, era pola contra unha camisa de forza para o creador. Non se pode reducir esa posición do mozo *Jim* Joyce a unha confrontación entre nacionalismo-antinacionalismo. Por ese camiño non entenderemos nada de nada. A cuestión era liberdade-estereotipo. A raza, a estirpe do escritor, só podía ser a da liberdade individual. Máis adiante, nun ensaio crítico sobre a obra de George Moore, apunta unha diferenza interesante entre o que pode ser unha literatura "nacional" e outra "nacionalista". En todo caso, suxire Joyce, debemos liberarnos das "grandes palabras que nos fan tanto dano".


Joyce, claro está, non xurdiu da nada. Él mesmo dicía que todo o mundo tiña unha tradición, un ventre nutricio, unha burbulla de aire na que respirar e asulagarse na poza do mundo como fai a araña de auga. O creador comeza a existir cando esa tradición o expulsa do ventre para que sexa él mesmo. O espírito da opera prima creo que non debe estar tanto na procura dunha orixinalidade forzada senón na intención, na disposición, na mirada. A diferenza entre unha copia e unha opera prima está no que Walter Benjamin chamaba "aureola". O que vai ser un creador refléxase aí, na aureola.

Non me preguntedes que cousa é aureola. En todo caso preguntádello a Walter Benjamin, que ten a culpa da cita. Pero creo que é ese tipo de sensación que desprende unha obra física e que non necesita moita explicación. Na arquitectura é algo que se capta na primeira ollada. A obra, sexa unha casiña de can de palleiro ou un bloque de vivendas de protección oficial, ten aureola ou non a ten.

A aureola é algo moi sutil. Non ten que ver necesariamente coa orixinalidade, tal como entendemos hoxe esta idea de orixinalidade, tan preto da parodia visual. Chamarlle culler a un tenedor ou chan ao teito ou pes á cabeza pode ser moi orixinal e gracioso pero non desprende ningunha aureola. Cando alguén me di que tal libro está mal escrito pero é moi orixinal xa sei o que teño que facer: tirar co libro e ver os anuncios de televisión. Son moi orixinais e , ademáis, están moi ben feitos.

BUSCANDO A GODOT

PACO PESTANA, escultor



O poeta dice que o corpo é o mellor amigo do home e parece que é certo, rara vez o deixa a un esperando o autobús ou colle o primeiro avión para Calcuta deixándote só co apelido e un lixeiro perfume na manilla do maletín.

Eu tiña un amigo ó que se lle marchara o corpo ó Gran Sol a pescar merluzas e xardas, pois estaba farto de levar unha vida perguizosa facendo poesía e atracándose o ril con xinebra de garrafón. Demetrio Debullado tiña un corpazo ben mangado, moi semellante a Clint Eastwood en Harry o Porco, o que pasa é que a cabeza íballe por un lado e o corpo para todos eles, era unha mala fada ter unha cabeciña a páxaros e un corpo de mangallón falcatruero que non tiña acougo. Así que cando lle petaba e o obrigaban a vivir co freno de man posto, apeaba a conciencia e cada un polo seu lado.

O que pasa é que á volta, ó atoparse os dous, non se recoñecían, pois perder un corpo por un ano ou dous librate de pagar impostos, de comer, de dormir e de darlle a trapela para convencer a imbéciles, pero hai que recoñecer que non está mal ir acompañado do corpo a darse un baño desnudo nun río de augas frescas entre "rumorosos" amaneiros ou intentar coller unha lebre á carreira por entre os toxos e as carpanzas, todos eles placeres furtivos que non se poden levar a cabo sin o mellor amigo do home, o corpo. Mais os romances amorosos tamén caducan e a veces con mais rapidez que unha ducia de parrochas ó sol. Eso lle pasou a Demetrio que, esmorecido e canso de si, preguntábase todas as mañás ó afeitarse quen era, de donde viña e a donde coño iba, hasta que de maneira instintiva empezou a remecer coas mans intentando atoparse polo menos con algún rastro da súa perna ou co tacto rapilloso dos cotos xebros do seu bigote. ¡Qué cousas!... ver, víase no espello, pero por moito que se apalpaba non conseguía atoparse. Esa ingrata sensación duroulle unha semana hasta que no día de onte, miércoles, ó ir ó buzón tropezouse con unha postal de Sarajevo que lle mandaba o seu corpo na que lle decía que nunca mais volvería á casa.

Desde ese desgraciado día teño que aguantar a aburrida compañía dun home que perdeu o seu corpo porque non conseguíu facerse amigo del.

ARQUITECTOS NOVOS, CLIENTES NOVOS, CASAS NOVAS...

Sobre a arquitectura, os xoves arquitectos e o país real.

PLÁCIDO LIZANCOS MORA, arquitecto

AGOSTO NUN ESTUDIO DE ARQUITECTURA DA GALICIA RURAL...

"*Sencontró un carné de identidá dun vicino de Zúris. El que lo pirdiera que paase por el paalco*" barballa a megafonía.

Estamos no Val de Lóuzara, na Serra do Caurel.

O palco é realmente a plataforma dun tractor sobre a que se construíu unha estrutura a base de varais atados entre si, todo esto forrado con láminas de polietileno negro do usado para forzar a fermentación do esterco. Enriba del a charanga ameniza a festa que cada 16 de agosto se celebra neste incomparable lugar.

Puntualizamos: esta é unha Festa do Emigrante, non é a Festa Patronal. Porque aquí, ó igual que en ducias e ducias de aldeas, parroquias e vilas, celébranse festas adicadas ós Santos que miran pola colectividade dende o ceo pero tamén ós terreais pero non menos milagreiros emigrantes, quen dende a lonxanía contribúen cos seus envíos de divisas a manter a esmorecente economía local.

É un mes frenético no estudio do arquitecto instalado na vila máis próxima.

Familias enteiras acoden a estas oficinas coa idea de construír a súa vivenda. Acoden: o sogro -pensionista como tódolos

sogros- que quedará na terra gobernando a obra; os pequenos -rebuldeiros- que descoñecen a transcendencia do intre; os clientes -tímido e coutado el, falangueira ela-vertendo encima da mesa todo o seu mundo de ideas, soños e temores; o cuñado, que só fala alemán, opinando -inda que ninguén o entende- que a casa debe de realizarse en madeira de abeto negro como aló...

A situación por momentos antóllasenos surrealista: ...os debuxos e o programa arquitectónico axiña vanse mesturar con horarios de coches de liña de traxectoria insólita (Lardeiros-Colonia con escala en Monforte); o programa de necesidades da unifamiliar do Carude inclúe un garaxe para dous turismos de grande cilindrada, matriculados na periferia de París.... etc.

Toda a noite traballando. Toda a fin de semana debuxando pegado ó taboleiro. Preto, moi preto os debuxos que aportan os clientes. O luns á mañá varias citas, varias casas, varias familias... Moitas presas. Á tarde todos marchan... o ALSA, Schipoll, Lavacolla e a empanada de zorza; "...de Piñeira a *Jeilderber*(sic) imos todo seguido, só paramos a durmir aí chegando a Nimes, pero dentro do coche ¿sabe? é que aproveitámoslle aquí un par de días máis polo San Ramón..."; ...o perigo de formación de núcleo...; ...o baixo libre para montar un

churrasco e a estrutura para termar de dúas plantas máis para cando casen os fillos (¿pero este iluso pensa que os seus fillos *belgas* hanse querer afincar en Distriz?)...

Exponse o anteproxecto.


Como era de supor este non é aceptado. Nin sequera, comprendido.

Malas caras, desgustos. Pero hai que marchar, o camiño é longo e aló agardan o choio e os disciplinados horarios ingleses.


Marchan co compromiso de recondución do proxecto, dun achegamento a aqueles trazos, a aquelas ideas expresadas no suxo papel cuadrículado no que as torpes mans non debuxaron arquitectura, debuxaron soños, formas de vida ideais na terra querida e desexada. ¿Quen se pode negar?

No mesmo acto é presentado ás partes o *Contratista*, feiticeiro local que converterá en materia palpable aqueles soños. Finalmente, e como quen refrenda un acontecemento de moita transcendencia, sinatura de todo tipo de documentos, obviamente en branco: follas de encargo a arquitecto e aparelador, solicitude de licencia, contrato de obra, ordes de cargo contra aforros bancarios en Coroas Danesas, o permiso da Deputación por aquilo da pista da parcelaria... Todo arredor dunha vivenda da que aínda non se sabe nada. Ou mellor dito, si: o tellado será como o da casa de Amancio de Rubián pero

MAPA 1. ARQUITECTOS 1970



MAPA 2. ARQUITECTOS 1995



coa chimenea do lado do río, levará un balcón todo derredor e una escaleira por fora como a da casa desta fotografía -unha que vimos cerca de Miranda del Ebro- que nos gustou moito. Por dentro... xa amañades co arquitecto.

Intercambio de números de teléfonos de 15 díxitos, enderezos con strasses, lanes, e rúes deletreados para enviar, xa máis de vagar, a proposta de fogar.

EXERCER NO RURAL

A actividade profesional dos arquitectos no medio rural ocupou deica tempos moi recentes un papel marxinal, case anecdótico. Alén dos grandes equipamentos -igualmente escasos deica hai pouco- o profesional raramente tiña ocasión de actuar neste medio. Un medio que definiremos como o afastado das cidades e das súas áreas de influencia, das zonas de marcada vocación turística e dos enclaves industriais.

Mais dun tempo a esta parte producíronse cambios que trocaron notablemente a situación.

Por unha parte xeralizouse a esixencia administrativa do arquitecto como "responsable" de practicamente tódolos actos arquitectónicos, independentemente do lugar no que se produciran.

Por outra, a masificación profesional e o conseguinte enturbamento do mercado laboral provocaron que un grande número de profesionais de recente titulación abandonaran as cidades para instalarse no medio rural na procura do traballo outrora desbotado localizándose inicialmente nas cabeceiras comarcais para posteriormente, nunha segunda fase, facelo en poboacións menores. (Ver mapas 1 e 2).

Paradoxicamente estes dous feitos, que en principio agoiraban a aparición de arquitecturas de calidade ó longo do país, sucederon nun lapso de tempo -os últimos vinte anos- que se significará dentro da historia da nosa arquitectura pola nula calidade do producido e pola consecvente degradación de paisaxes, vilas, conxuntos históricos e etnográficos, beiras de grandes eixos viarios e mesmo áreas de interese natural.

Tan desafortunado acontecemento incluso ten provocado un deterioro da actividade profesional e unha certa minusvaloración da figura do arquitecto. Compre analizar por que se ten producido

esta situación e como se teñen visto implicados nela os distintos axentes intervinientes.


Dado que este número de OBRADOIRO adícase monograficamente á arquitectura dos xoves, dirixiremos a nosa análise a este segmento profesional. Un segmento profesional do que -esto hai que indicalo- o autor forma parte.

GALICIA MUDA DE CASA (...E DE LINGUA, DE MÚSICA, DE FESTAS, DE PAISAXE, DE COMIDA, DE RELIXIÓN, DE FLORA, ETC).

"Galicia muda de casa.", "No rural prodúcese unha nova arquitectura que estraga a paisaxe..."

Estas afirmacións acompañan xa a tódalas descrições e análises que -propios ou estraños- facemos/fan da arquitectura residencial característica das áreas rurais galegas. Os mesmos analistas soen responsabilizar ós emigrantes desta situación. Acúsaselles a eles por supostamente teren importado dos seus destinos linguaxes e formas alleas.

Estas análises son producidas, sen dúbida, por persoas descoñecedoras do complexo mundo que arrodea á produción de arquitectura na Galicia rural. Tal e como



OBRADOIRO

expoñeremos ó longo deste traballo, este estado de cousas ten múltiples padriños. E o primeiro deles somos os arquitectos. A demostración desto que dicimos é sinxela, abondando para isto botar unha ollada ó noso entorno para contrastar a arquitectura das vivendas unifamiliares -condicionadas polo *perverso gusto* dos emigrantes- con outras menos condicionadas, como por exemplo a das Institucións.

Está fora de discusión que os exemplares de interese dentro deste eido profesional son escasos.

Seguindo na liña exculpatoria cos emigrantes quero agora conducir ó lector cara ás zonas de Galicia nas que a emigración non é un dos motores económicos fundamentais. Falamos dos sectores turísticos das Rías Baixas ou das periferias da Coruña, Vigo e Ferrol. Nestas áreas teoricamente non se debería acusar o *perverso gusto* dos emigrantes mais a realidade demóstranos que nelas tamén se acusa tal degradación.

Derrubados pois os argumentos que culpaban ós exiliados económicos da deturpación arquitectónica-urbanística-paisaxística que sacude á Galicia actual hai que acudir a outras vías para atopar un resposta ó fenómeno. Un fenómeno que só pode ser correctamente explicado no contexto das fondas transformacións que acusou o país nestes últimos vintecinco anos.

Os parámetros económicos, culturais, políticos, sociolóxicos e, en xeral todos aqueles que conforman a o que poderíamos dar en chamar a "realidade galega" acusaron, nas dúas ou tres últimas décadas, unha radical transición cara ó que se denomina sociedade moderna. Compre lembrar aquí que esta desmembración da sociedade tradicional produciuse con menos dramatismo noutros países do noso entorno por terse realizado paseniñamente ó longo dun período moito máis longo (nalgúns casos incluso iniciado a finais do XVIII).

O que esto escribe non é experto en antropoloxía cultural nin en ningunha outra ciencia adicada ó estudio dos cambios sociais. Por tanto limitareime somentes a enumerar algúns dos aspectos que evidencian a transformación da "realidade" galega. Sen análises de ningún tipo e tamén sen orde algúns destes cambiantes aspectos son: emigración (por suposto), industrialización, incremento da poboación



urbana e suburbana, electrificación, motorización, terciarización, democratización, culturización, castelanización, desertificación demográfica de vastas áreas do interior, turistificación, autogoberno, televisión propia, burocratización e politización do aparato administrativo, incremento da renda per cápita, creación dunha Escola de Arquitectura e de dúas novas Universidades, irrupción da

muller no mercado laboral, universalización da atención médica, xeralización do ensino medio, creación de dúas de emisoras locais de radio, extensión do agnosticismo entre a mocidade, aparición de novas formas de diversión, alteración da estrutura familiar, fulminante diminución da importancia económica do sector primario, aparición de novas formas de distribución comercial, un

dos xornais acada 500.000 lectores diarios, incremento dos hábitos de consumo, acción social do Estado sobre as clases pasivas...

Diante da situación esquizofrénica arriba apuntada é comprensible que o emigrante -a quen ninguén lle nega a súa capacidade como motor de certos cambios- non sexa dono nin responsable de ningunha linguaxe como tampouco é responsable de rexeitar os sinais de identidade tradicionais (en definitiva isto é o que lle pode suceder a calquera, emigrante ou non).


Así as cousas estamos en condicións de afirmar que a imaxe mítica da casa do emigrante ven de ser tomada do propio entorno: na cidade ou na vila máis próxima, nas urbanizacións da praia de moda, nas revistas ou na televisión, exactamente igual que a calquera outro enriquecido e exactamente igual que a moitos arquitectos (xa ía sendo hora de chamalle ás cousas polo seu nome). Por outra parte, como queda dito, esta imaxe resulta afectada pola repetidamente citada "Realidade" galega.

O "CONTRATISTA". TECNOLOXÍA E CAPITAL DAQUELA MANEIRA

Vintecinco ou trinta anos atrás, cando se xeralizou a promoción de vivendas no medio rural por parte de individuos procedentes da emigración, os constructores atopábanse comprometidos con formas de actuación de características aínda artesanais sendo cada vivenda obxecto dunha resposta individualizada.

A demanda xerada polos emigrantes -condicionada pola súa peculiar situación económica e a transhumancia dos promotores- requirirá unha rápida execución, a fragmentación por fases da execución, a posta en uso co produto a medio rematar, unha flexibilidade case infinita do programa, certa estandarización de solucións que possibilitasen a súa execución sen unha supervisión continua, etc. En definitiva, se trataba de requirimentos incompatibles cos procedementos constructivos daquela habituais.

A demanda esmagou coa oferta tecnolóxica tradicional. En consecuencia os oficios artesanais degradáronse ou mesmo perdéronse en tanto que os novos oficios, requiridos pola nova tecnoloxía, non chegaron a ser asimilados porque ninguén houbo que os ensinara. Deste xeito desaparece a figura do albanel, un oficio, transmitido de país a



OBRADOIRO

fillos, que se aprendía traballando como pinche axudando a outro albanel. Xorde no seu lugar o "contratista".

O "contratista" é un individuo ou cando máis un grupiño de socios que se basea nun capital e nunha experiencia profesional habitualmente adquirida na emigración. Compre indicar que a experiencia profesional acadada -que *habilita* ó adquirente para adicarse á obra civil- pode ser do máis *sui generis*. Por exemplo: pinche na construción dun teleférico nos Alpes, palista nas obras dunha autopista en Holanda ou vixiante dunha canteira en Marsella.

A forza de traballo de esta "empresa" estará conformada por un grupo de homes, extraídos directamente do entorno rural, cos que o "empresario" establece unha relación laboral *daquela maneira*.

O ARQUITECTO. A CAÍDA DUN MITO OU O TRABALLO DUN INCOMPREDIDO

Analizados xa os roles desempeñados polo cliente-emigrado e o "contratista" estudiaremos a continuación el desempeñado por los arquitectos.

Neste orde de cousas o primeiro que compre determinar ó falarmos da intervención dos arquitectos no mundo que levamos descrito será -paradójicamente- o grao de intervención destes profesionais no proceso arquitectónico.

Non existindo cifras nin estudos sobre unha cuestión tan "delicada" resulta moi difícil cuantificar esta participación. Por esto debemos recorrer unha vez máis ás evidencias palpables no noso entorno no que é habitual que aparelladores, delineantes, debuxantes, peritos e outros afeccionados concorran no proceso *proxectual*.

Víamos como todo o que arrodea á edificación de vivendas unifamiliares no mundo rural esta movido por lóxicas singulares e regras de xogo moi concretas. Desta dinámica tampouco vai escapar a elección do profesional encargado do deseño da edificación.

O técnico será elixido en virtude das súas relacións con funcionarios do Concello ou con persoas pertencentes a grupos con poder na localidade (Caixa de Aforros, Deputación, RENFE, Confederación Hidrográfica, etc).

A lóxica desta escolla devén da propia condición como residente-ausente do

emigrante quen -descoñecedor da hermética burocracia local (que en agosto, cando intenta achegarse a ela, atópase inoperativa por vacacións)- ve no técnico máis que a un profesional do deseño a un mediador para a resolución dos confusos trámites necesarios para levar a termo a obra.

A aparición de estratexias de proveito nos individuos encargados de captar o traballo profesional xerado polos emigrantes, formalizada en alianzas con *proxectistas*, afecta en igualdade de condicións a arquitectos, delineantes, aparelladores e ós restantes afeccionados.

A desconsideración á que as alianzas arriba referidas someten ós arquitectos fundaméntase, nin máis nin menos, na tradicional forma de actuar dos propios arquitectos. Estes ata hai ben pouco tempo estaban alonxados física, cultural e profesionalmente do medio rural.

Aló, dende a lonxana cidade refrendaban, xeralmente sen atención un traballo *profesional* que lle era remitido co único fin de legalizalo. Esta situación, que aínda persiste, vese agora progresivamente substituída por outra de efectos non menos perniciosos e que agora afecta ós profesionais máis xoves. Estoume a referir a súa marxinación.

XOVE. ARQUITECTO. MARXINADO.

O xove arquitecto que decide instalarse hoxe en día no medio rural vese

condicionado no seu exercicio profesional ademais de pola realidade económica, cultural e tecnolóxica do medio, polo lastre do *modus operandi* dos colegas que lle precederon na actividade, tal e como temos explicado. Debemos facer constar que o lastre ó que nos referimos é tanto o medio físico, fortemente degradado, ó que agora os novos arquitectos deben enfrontarse, como o humano, no que o descrédito e o descontrol parecen ter tomado xa carta de natureza.

Así as cousas, o xove arquitecto que pretende desenvolver actualmente a súa actividade no medio rural galego vai ser rexeitado pola mesma sociedade que o formou.

Ó xove profesional ábreselle un amplo espectro de chatas a bater diante das que o enfrontamento individual non consegue máis que afondar a marxinación do arquitecto, quen situado neste modelo de produción vai ter que aceptar os modelos de actuación que lle impoñen as instancias mediatizadoras do proceso de construción no medio rural.

Sendo ineficaz o enfrontamento individual do arquitecto co seu cliente tampouco resultará efectiva ningunha actuación dirixida dende o colectivo profesional. A gravidade da situación require agora actuacións que interesando ó conxunto da sociedade teñan por obxectivo a definición e a normalización da nosa convulsa realidade.

Por certo ¿O Carnet de Identidade do tipo ese de Zúric non será o teu?



OBRADOIRO

OS ARQUITECTOS NOVOS

ANDRES FERNANDEZ-ALBALAT LOIS, doctor arquitecto

Parece boa cousa esta publicación da "Opera Prima" dos arquitectos "novos e novísimos" como lle din neste Obradoiro.

Cando se está no número 25 da Revista, paga a pena fitar un algo para atrás, e albiscar un puoco qué fixeron estes arquitectos, esta xente nova que anda a estrenar o oficio de arquitecto; e, mirando para este pasado tan de hoxe - cáseque presente - ver, nidio e claro, un bó futuro para estas arquitecturas.

Se non trata de facer "profetismo" nin cousa parecida; senon de ve-las cousas como son, ca calidade e boa factura deste feixe de obras, que xustifican o bó e esperanzado xuicio.

E imos dar tres pontadas que veñen ó caso.

A primeira. Cando se fala dos traballos da xente nova, as veces dícese que "teñen pouca experiencia"; i é certo, claro.

Pero tamén habería que lle engadir que a experiencia - boa e necesaria - non é todo. E pode ser que, con moita experiencia, quede atafagada a imaxinación; que na dialéctica creatividade-experiencia, ésta xustifique a carencia de aquela.


Querse decir, que, ao cabo, resulte unha arquitectura moi experimentada e pouco "experimental", pouco creativa.

Tamén pódese pensar que os vieiros destes arquitectos anden po-las "novedades" con solucións "distintas". Penso que é o seu. Sempre, claro, que as cousas estean moi razonadas, con bó siso... vaya, que haxa sentidíño.

Unha última pontada, e sin me poñer a dar consellos: parece que hoxe a arquitectura - moi fiel a seu tempo - tamén anda un pouco desnortada, un algo difusa e profusa. Uns, que miran para atrás, disfrazados de modernidade; outros somentes para diante, perseguindo a última post-banalidade; aqueles que ollan para toda-las partes, sen se decidir... Hay moita información e o risco de pouca, moi pouca reflexión. Moito balume, publicacións e publicidade.

Así as cousas, estes que hoxe honran Obradoiro 25, ós que hay que decirlles xa de Arquitectos, andan o seu camiño con pulo, votándolle folgos, sabencias e ilusión; mirando un casi nada para as beiras.

E, da man do poeta,
"na frente unha estrela,
no bico un cantar"



Versión galega: **Xosé S. Allegue, arquitecto**
 Este artigo foi publicado, en 1958,
 no número 73 da revista
 L'architecture d'aujourd'hui.
 Adicábase monogragicamente
 ós xoves arquitectos do mundo
 Imaxes: **Plácido Lizancos Mora**

Ó longo das miñas viaxes a través deste noso mundo, problemático e inquedo, sempre me sentín feliz de atopar xoves que se adican á nosa profesión.

Atopeinos preocupados, coma nos, polo marco físico no que se desenvolven tódalas actividades humanas.

Pero, ¿Que podemos facer nos por estes mozos?

Porque o certo é que eles non ven as cousas máis claras que os seus predecesores. Cada novo número das revistas de arquitectura mostra exemplos tan diferentes que non podemos censurarlle ós xoves unha certa confusión xa que, mesmo aqueles que teñen máis experiencia, non a acadaron sen coñecer a dúbida.

Por tanto os máis novos coñecer que lles agarda no exercicio dunha profesión á par tan satisfactoria como chea de responsabilidades. Nunha profesión esencial tanto ós seus propios ollos como ós da sociedade.


Eu comencei a miña carreira, por así dicilo, só. As miñas propostas non tiñan analoxía ningunha cos traballos existentes, circunstancia esta que me podería ter servido na negociación bis a bis dun proxecto diante dun hipotético cliente.

Ollade ás revistas de arquitectura e construción de 1920. Decatarédesvos neste retorno ó pasado da magnitude dos meus esforzos ou, máis concretamente da miña terrible soidade. Veredes tamén que os xoves non tiñan daquela mais que posibilidades moi limitadas de facer cousas novidosas alén das convencións imperantes. Pode que estes exemplos vos parezan ridículos mais na súa época non o foron, nin moito menos. Daquela non podían mais que semellarlle terribles a calquera xove que desexando facer carreira e alimentar á súa familia, tentara abrirse un camiño nesta selva. Unha selva que na miña opinión non era rozada polos felices arquitectos maduros.

...Se eu tivera "contactos", se tivese desposado con, por exemplo, a sobriña dun alcalde, se me movera na alta sociedade ou mesmo nos ámbitos intelectuais, pode que o meu problema se simplificara.

¿Como iniciar unha carreira cunha aportación nova e valiosa?

Eu non tiven persoas coas que contar. Non tiven capital algún, nin puiden sequera valerme de ningunha publicación. Ninguén se interesou no que eu cría nin tentou



WRIGHT. Primeiro proxecto. Capela Unitaria. Iowa (1887)

comprenderme.

¿Como a partires destas condicións foime posible facer unha carreira que me conduciu lentamente pero con seguridade a facer recoñecer e aceptar o meu punto de vista?

Si puidera atopar unha resposta a esta cuestión coido que lle serviría a tódolos que se adican ó oficio de arquitecto. Para seguir a evolución do meu pensamento folleemos xuntos eses vellos números das revistas: sen ningunha dúbida nos reencontrariamos entre os osos polares, nunha atmosfera glacial. Falta o elemento humano. Agora penso que os seres humanos poderíanme resultar máis asequibles se eu os comprendera. "Coñecer ó home" é un precepto filosófico tan vello coma o mundo. Só pode servir ó home quen o coñece.

[...]


Vivo nos EE. UU. por convicción cosmopolita, non por amargura, xa que actualmente non hai en Europa persecucións ou conflitos. Nada máis chegar eu a este

país púxenme a traballar e a aprender a lingua dos que me acollían. Pero sobre todo tentei apaixonadamente familiarizarme coas buscas e as novas técnicas que se desenvolvían no eido tecnolóxico: arredor do vidro laminado, a soldadura, o remachado, a resistencia da chapa laminada, as estruturas de dobre curvatura, os novos contrachapeados e as carpinterías metálicas.


É certo que os arquitectos non poden desenvolver convintemente o seu traballo cando o home, interferindo a súa inspiración abstracta aparece como un obstáculo irritante. Mais é no home e nas súas reaccións máis sensibles onde se debe atopar a inspiración máis fonda e eficaz. Os problemas humanos e o xeito de resolvelos son tan interesantes como unha estrutura espacial, unha cúpula xeodésica ou calquera descubrimento técnico. Eu teño realizadas algunhas experiencias e, en certa forma fun un pioneiro. Os meus adversarios consideráronme como "un simple enxeñeiro". E isto nos anos vinte podía ser considerado un insulto cargado de intención. Resulta difícil imaxinalo hoxe en día. Mais podémolo verificar doadamente nas vellas revistas, inzadas de reminiscencias historicistas.

¿Cal é o papel da tecnoloxía, das novidades (plásticos que semellan mármore, coches de cores obstruíndo as entradas dos edificios, refrixeradores murais de tres portas con medidor Geiger e televisión incorporada...)?

As páxinas publicitarias das publicacións poden condicionar o hábitat humano. As nosas revistas atéganse con todo aquilo que se vende. Refrexan os gustos do día na



LE COURBUSIER. Maison Jaquemet. La Chaux de Fonds (1907)




GROPIUS. Primeiro proxecto. Vivendas para obreiros. (1913)

moda feminina e en tódalas artes. Incluso na arquitectura, unha arte na que o investimento ten un moi longo prazo de amortización. Nela os arquitectos poden perder a súa credibilidade diante dos clientes e da sociedade cedendo a unha moda efémera. O progreso constante non necesariamente significa unha carreira perpetua de modas pasaxeiras.

Aquel que abraza unha profesión debe saber que pode facer e que debe deixar á marxe. Hai moito tempo que vimos dicindo "Temos moitos materiais novos. Fainos falla unha nova arquitectura", pero ¿sabemos como funcionan os nosos sistemas orgánico e nervioso? Coñecelo sería a mellor base para a elaboración de proxectos axeitados. Neste senso somos funcionalistas, prácticos e progresistas. Nos, arquitectos do mañá debemos basearnos no coñecemento novo e profundo das formas nas que o ser humano reacciona a estes millóns de impulsos. Impulsos cos que é mellor non xogar.... ¡Alteramos tantos equilibrios interiores! ¡Contrariamos tantos procesos de vida sutilmente coordinados para a vida e pola vida, no canto de axudar ó seu desenvolvemento!

Máis que o confort é a mesmísima



KAHN. Vivendas para unha cooperativa. New Jersey (1935)

felicidade a que se atopa nas nosas mans. É o fundamento da nosa profesión, ricaz en satisfaccións e en posibilidades de expresión.

Pode que xa falara abondo da curiosidade científica fronte á "arte pura" mais ninguén da nosa profesión (pese a vivirmos na idade da ciencia) dá probas dunha paixón e dunha curiosidade polas ciencias como hai moito tempo demostraron xa os artistas metódicos do Renacemento.

[...]

¿Debemos seguir a falar da arquitectura coma unha "arte no espacial" ou como unha "música petrificada"?

Estes venerables lemas non reflexan hoxe en día máis que ideas preconcebidas que lle impiden ós xoves ver máis clara e utilmente o aspecto esencial do seu cliente. O aspecto esencial do cliente é o home. Como especie e como individuo.

Esto non é un obstáculo, é o fenómeno máis apaixonante de estudar. Moito máis interesante en suma que unha cuberta esférica de plexiglás ou que calquera manifestación de feiticaría electrónica.

...Parece evidente que a tecnoloxía ten un papel que xogar. E de feito, diversas profesións conságranse ás súas numerosas especialidades. Fronte a isto os xoves arquitectos non sodes mais que afeizoados á busca de especialidades actuais. Eses son os casos de, por exemplo, Dischinger, quen foi o primeiro que calculou mallas espaciais ou dos seus axudantes Finsterwalder e Tadesco quen desenvolveron procedementos de cálculo matemático precisos e seguros, ou os enxeñeiros da execución e da prefabricación como Freyssinet en Francia, Nervi en Italia e Eduardo Torroja en España. Buckminster Fuller coa amplitude das súas concepcións, Félix Candela e a sorprendente maneira que ten de dar a volta ós tradicionais métodos matemáticos, son para o xove estudante de arquitectura personaxes do ámbito da "ciencia novelada". El escoita ou lee. E non pode esperar outra cousa que ser un amateur apaixonado. Xa non estamos nos tempos nos que Henry Ford podía, contra a advertencia dos seus contemporáneos, experimentar no seu xardín cun fráxil motor de combustión e logo construír o primeiro automóbil partindo de accesorios de bicicletas. Xa non lle é posible ós Wildurs e ós Orville Wright proxectar, calcular e


ensaiar novos modelos de avións a reacción.

Os mellores arquitectos non podemos ser mais que enxeñeiros de terceira orde. ¿Que servicios podemos ofrecer que nos permitan gañar honestamente a vida, exercer a profesión e manter as nosas familias?

Eu fágome por enésima vez estas preguntas no momento no que os meus fillos están a estudar arquitectura.

¿Cal é o dominio, a tarefa que nos é encomendada que non sexa xa desenvolvida por xentes máis competentes ca nos?

Os enxeñeiros débense ocupar de



AALTO. Primeiro proxecto. Ampliación dunha vivenda. Helsinki. (1917)

cantidades notables de enerxía, toneladas por metro cadrado, megavatios....

O ámbito no que nos non temos rivais é o dos cambios mínimos, que son os máis próximo á vida, da enerxía dos sistemas orgánicos e nerviosos do home, da muller e do neno.

Os psicólogos ofrécennos certamente informacións valiosas pero nos temos que facer un diagnóstico clínico como fan os médicos ó pé da cama do doente, reempazando -as veces á velocidade dunha chispa- ó home do laboratorio e á súa "busca paciente".

Nunca debemos separar a intuición da observación sistemática. Pode que isto non sexa posible salvo nunha antropoloxía deformada artificialmente. Despois de todo a intuición máis segura pode errarse e debe ser controlada. Un coñecemento profundo da visión humana e das súas leis específicas abriría ó arquitecto perspectivas insospeitadas. Porque hai que recoñecer que no dominio visual, cando aplicamos as regras, estas non son mais que groseiramente empíricas. De feito o que chamamos sentido visual é un conxunto complexo de funcións sensoriais inseparables as unhas das outras.

A arquitectura é percibida como un conxunto de sensacións múltiples que forman o que os entendidos denominan "estereognósis": as permanentes e íntimas combinacións dos sentidos. Así se nos manifestan a nos, nunca separadamente senón no seu conxunto. E a impresión visual queda sempre ligada ós datos aportados polos outros centros sensoriais: temperatura, olfato, motricidade. Estes fenómenos forman parte da arquitectura e como tal o arquitecto debería telos en conta. As variacións nos niveis de temperatura ou de luminosidade participan no efecto producido polo feito arquitectónico.


[....]

No que respecta á vivenda, a arquitectos e urbanistas correspóndelles unha grande responsabilidade: incrementar a afluencia de doentes ós sanatorios psiquiátricos ou preservalos de desordes psíquicos desastrosos.

Ser e permanecer humanos, proxectar aquilo que sexa bioloxicamente soportable e pelexar contra o perigo das técnicas-rationais disporá ós arquitectos de mañá nunha posición de estima merecida.

O arquitecto asegurará esta posición polo coñecemento que teña do ben e do mal. "Facelo ben" e "facelo mal" son dúas expresións que raramente asociamos á estética. E esta, como a moral, é un suxeito de discusión sobre o que cada quen, partindo das súas propias premisas debe ter unha opinión persoal.

O arquitecto, sexa novo ou vello, aventúrase neste xénero de discusión nun terreo esbaradizo no que é condenado a afondar rapidamente e sen esperanza no lameiro das preferencias e das repulsións



GROPIUS. Primeiro proxecto. Vivendas para obreiros. (1913)



SIZA. Primeiro proxecto. Cociña na casa do seu abó. Matosinhos (1952)

persoais.


Ó igual que o xove médico, o xove arquitecto debe comprender tanto como lle sexa posible, por experiencia persoal, como aconsellar ós seus clientes nos diferentes estadios do proxecto. É certo que debe debuxar con soltura, pero unha representación gráfica non está exenta de perigo cando se dirixe a un profano posto que pode convencelo demasiado doadamente e impedirlle realizar un comentario constructivo ou, ó contrario, a pesares de tódalas súas habilidades, ser incomprendible para el. Non en van moita máis xente accede á expresión oral que á expresión gráfica.

O arquitecto, como o médico, deber facer gala de tacto e delicadeza. Debe ter dominio da palabra para conseguir extraer da conversa co seu cliente indicacións as veces insospeitadas que lle permitirán asegurar o seu diagnóstico e superar os antagonismos que puideran xurdir, evitándoos dende o principio a fin de deixar intacta a confianza do cliente que si se vira defraudada podería comprometer para sempre a creación dunha obra que debería ser duradeira. Deste xeito a asociación Iktinos-Italicrates tiña a confianza de Pericles. Dous mil cincocentos anos despois podemos verificala ollando para o Partenón.

A presuposta confianza e as boas disposicións do cliente co creador son máis importantes para a obra que as finanzas e o investimento en dólares. Dirixir sen paixón as conversas do cliente significa evitar as diatribas estéticas e a trampa das referencias persoais.

Recoñecer como as múltiples funcións do ollo respontan diante de certas excitacións converte ó arquitecto nun home cualificado. Igualmente as bases da súa opinión resultan cribles se é quen de adiantarse ás asociacións de ideas que poden provocar os seus debuxos. Unha discusión que se desenvolva neste plano - téño constatado centos de veces- non dificulta nunca o achegamento ó cliente. Concibir e realizar son os fins profesionais do arquitecto que toman as súas fontes na intuición. Mais a intuición basouse e basearase sempre sobre o método e bo siso.

Tede sentidoño.



OBRADOIRO
14

VIVENDA UNIFAMILIAR


Arquitecto: **Xosé Manuel Rosales Noves**
Arquitecto colaborador: **Valeriano Rosales Escuredo**
Aparellador: **Alfonso Couso Boán**
Promotor: **Alfonso Couso Boán**
Constructor: **Construcción Tacón**
Data do proxecto: **1992**
Remate da obra: **1994**
Situación: **Buceleiras, Bugallido. Ames (A Coruña)**
Fotografías: **Mónica Couso Boán**




Sabedores de que moi diversos poden ser os xeitos nos que nos podemos ver influenciados polas arquitecturas que coñecemos, e de como os pousos que nos deixan pasan a formar parte dos trebellos cos que nos enfrontamos ó exercicio do noso oficio, ás veces un cae na tentación de capturar nalgunha das súas construcións sensacións que lle provocaron outras arquitecturas. Luces e sombras, visións e percorridos, interiores e exteriores, ou sorprendentes xeometrías xeradoras de máxicos espacios permanecen indisolubles no sentimento que un atesoura acerca dalgunha arquitectura vivida con emoción.


A nosa arquitectura popular salpica o territorio de casais nos que un facilmente pode chegar a entender a casa non como unha única edificación senón como un conxunto de pequenas edificacións nas que se desenvolvía e aínda se desenvolve a vida das familias que viven da terra, un acubillo no territorio no que un se protexe sen illarse del. Estes pequenos mundos agregáronse uns ós outros ó longo do tempo, constituíndo pequenos núcleos en estreita simbiose co territorio, onde o transitar polos rúes entre as pequenas edificacións pode mostrarnos que difusos son ás veces os límites entre os espacios que as edificacións encerran e os que resultan da súa agregación. Un mundo cheo de pequenos espacios

intermedios, entre o interior e o exterior, entre arriba e abaixo, entre diante e detrás,... Unha morea de matices xorden dos recunchos, das curvas, das fendas, nunha aleatoria ou misteriosa ordenación onde non hai unha xeometría recoñecible que nos poida anticipar que nos vai deparar cada un dos espacios polos que pasa un no seu discorrer.




Lonxe do rigor da análise tipolóxica e da mimese formal, o punto de partida desta construción está no desexo de asir algo do inmaterial dos espacios xerados polas construcións do noso rural. Situada na beira dun pequeno val salpicado de numerosas vivendas unifamiliares, coas súas edificacións anexas, compónena catro corpos independentes baixo unha gran cuberta plana. Os catro dispóñense según dúas direccións, deixando entre eles un espacio polo que se transita. Un "**rúe interior**" no que o inevitable movemento e a luz dispensan ausencias e presencias. Tres pasarelas permiten a comunicación a nivel de planta alta. Un muro de pedra, que abandona os límites da propiedade vindo cara ó interior, atravesa a edificación en recordo dos lindes nos que antano se apoiaban as construcións dos noso maiores, retomando ese desexo de asomarse ó espacio común da xente do rural que, aínda sendo moi celosa de seu, vivía como colectivo a súa presenza no territorio.











OBRADOIRO
17







VIVENDA UNIFAMILIAR

Arquitecto: **Gonzalo Cano Pintos**
Aparellador: **José Luís Armental**
Promotor: **Nuria Álvarez Cuevas**
Constructor: **Carballo Hermanos**
Data do proxecto: **Xaneiro 1993**
Remate da obra: **Agosto 1994**
Situación: **Bugallido, Ames. (A Coruña)**
Fotografías: **Hisao Suzuki**

No ano 93 recibín o encargo de proxectar unha pequena vivenda no Concello de Ames, próximo a Santiago. Era a primeira vez que facía un proxecto nun ámbito rural, nun solar de algo máis dunha hectárea, libre das estrictas ordenanzas que os concellos marcan nos solares urbanos. O encargo realizoumo un xove matrimonio, sen pretensións, que desexaba unha vivenda digna e funcional, uns bos clientes que me outorgaron absoluta liberdade sen máis limitación que o custo final da obra.

Cando me despracei a visitar o lugar elixido polos propietarios para construír a súa futura vivenda, chamoume a atención cómo ese agro de lombas suaves, cubertas de vexetación, ía sendo salferido con novas construcións, con vivendas que pechan os ollos ó seu pasado decantándose cara unha "nova" arquitectura, sen carácter, eso si, con tódolos tópicos mimetismos absurdos e anacrónicos que actúan como elementos postizos sen ningún tipo de dixestión. Caricaturas de chemineas e galerías envoltas nesa confusa linguaxe cara á que a pésima arquitectura moderna ten ido derivando. Mais é curioso comprobar cómo a arquitectura anónima dos alpendres, granxas e vivendas rurais que a arquitectura popular foi producindo ó longo do tempo entenden o LUGAR, cómo se adaptan á paisaxe, ó clima e ó ambiente, cómo é doado entender o sentido e o uso dos materiais atendendo sempre á racionalidade constructiva e á economía de medios, non existen antollos, todo ten o

seu sentido e a súa xustificación.

A dificultade de desenvolver o proxecto non estaba pois nas chatas das ordenanzas, nin nos criterios impostos polos clientes, nin sequera na articulación que existe entre a función e a forma. A dificultade plantexábase en resolver o interesante exercicio do diálogo e do xogo de contrapuntos que se establece entre a tradición popular e as aportacións modernas.

Foi curioso comprobar como se perdeu o sentido artesanal da construción. Resultaba case imposible realizar un muro de pedra coa naturalidade e a razón de ser dos muros antigos, onde as pedras traballan a compresión e os muros vanse formando por peso. As novas técnicas constructivas, mal empregadas, desvirtúan o sentido e o uso dos materiais. Dá noxo ver esas construcións nas que se nota que a pedra foise pegando e achegando como un feito desvencellado do sistema constructivo.

Nembargantes é interesante cómo as novas técnicas ofrecen unha nova valoración da tipoloxía e de elementos morfolóxicos. Un extraordinario exemplo é a casa en Oleiros de Manuel Gallego, onde as novas aportacións arraigan cunha enorme sensibilidade cara ás tradicións propias da arquitectura popular.

O proxecto pretendeu dar resposta a estes obxectivos. A vivenda se desenvolve nunha soa planta e se estrutura orgánicamente arredor dun pequeno patio, como núcleo da luz no interior da vivenda. Dende el os muros proxéctanse cara ó exterior ordenando os




distintos recintos que buscan a orientación axeitada. Os cuartos vanse quebrando cara ó levante, as súas fiestras nos recantos acusan formalmente o quebro. O resto da vivenda queda orientada ó sur. Unha galería protexe ós grandes ventanais da zona de estar fronte ás treboadas dominantes.

A volumetría é simple e a cuberta, lámina tensa de pranchas de fibrocemento de canaladura pequena, dunha soa vertente cunha pendente moi lene. As augas recóllense a medio dun canalón corrido ó longo do beiral da fachada sur, peza que axuda a salientar a


horizontalidade da composición.




O organicismo da planta establece unha estreita relación entre o interior e o exterior da vivenda, con tránsito de pasadizos e patios envoltos de vexetación, sempre enmarcados polos longos muros de laxes de lousa dourada e pérgolas de madeira e ferro enferruxado.

As premisas para que a vivenda se integre no seu fermoso entorno natural están marcadas. Agora só fai falla agardar a que o tempo xogue o seu papel.



- 00 GARAXE
- 01 CUARTO DE INSTALACIÓNS
- 02 PATIO 1
- 03 ENTRADA PRINCIPAL
- 04 PATIO 2
- 05 ESTAR
- 06 DORMITORIOS
- 07 DORMITORIO PRINCIPAL
- 08 ASEOS
- 09 GALERÍA
- 10 COMEDOR
- 11 COCIÑA-OFCIO
- 12 DESPENSA
- 13 CUARTO DA PLANCHA
- 14 ASEO DE SERVICIO
- 15 DORMITORIO DE SERVICIO
- 16 PATIO DE SERVICIO









VIVENDA UNIFAMILIAR

Arquitectos: **Carlos Quintáns Eiras, Cristóbal Crespo González**
Arquitecto colaborador: **Antonio Raya de Blas**
Aparellador: **Saúl González Casás**
Promotor: **Rafael Seoane**
Constructor: **CECEBRE**
Data do proxecto: **Febreiro 1992**
Remate da obra: **Xuño 1993**
Situación: **Mera, A Coruña**
Fotografías: **Juan Rodríguez**

A vivenda está situada nun lugar habitual de veraneo e de segunda residencia, a 18 Km da cidade da Coruña. A súa disposición permítelle ser unha das escasas zonas do litoral da ría con praias defendidas dos rigores do vento nordés. A edificación substitúe por completo a outra anterior, vítima dun lume, ocupando a súa mesma posición no terreo, o que permite aproveitar o desmorte e a rampla do garaxe. A parcela domina un cantil sobre a praia de Espiñeiro, duns dezaoto metros de altura sobre o nivel do mar.

Conservábase o axardinamento e a vexetación correspondentes a un estado anterior, que reflexa a atracción polas especies exóticas tan habitual nos xardíns galegos, debida á aportación dos indianos a primeiros de século, e que fixo moi comúns na nosa xeografía árbores coma o camelio, a araucaria ou a palmeira.

A vivenda benefíciase da orientación da parcela que, en suave pendente cara ó cantil, abre ó Sur vistas sobre a enseada de Mera e a ría da Coruña, coa cidade ó fondo. Téntase respostar a esa presenza das vistas tanto lonxanas como ás máis achegadas, permitindo a incorporación da vexetación xa existente no interior da vivenda.

A idea que permite abordar o proxecto parte da ubicación dun pequeno invernadoiro que, materializado nun prisma de cristal encaixado a dobre altura sobre a cara Sur do edificio convértese nun elemento de


referencia e nun xerador de relacións dentro da casa. O resultado de provocar a expansión irregular da devandita peza ó longo da fachada -ó xeito dun proceso de cristalización que se achega ó prisma blanco e cheo da vivenda- é o de permitir facela completamente permeable, converténdose nun xogo de volumes de cristal que funciona, en casos, como galería.

O ingreso á vivenda prodúcese pola cara Norte, mediante unha caixa que, situada a media altura, esgázase dunha fachada posterior completamente pechada, na que unicamente una fenda permite alumar diversas dependencias e enmarca unhas árbores dende a escaleira. Unhas pezas de madeira suavizan o enorme pano cego e acochan o garaxe.

O invernadoiro focaliza as visións transversais cara ó mar, creando unha zona única ou múltiple na planta baixa, entre unha sucesión de espazos de estar (comedor, invernadoiro e piscina) completamente relacionados física e visualmente coa plataforma que se entrega ó xardín. Na planta alta o invernadoiro enfronta lonxitudinalmente espazos pechados -a biblioteca- con outros abertos -as terrazas- e ó tempo relacionaa coa planta baixa.

Os materiais utilizados son: aluminio anodizado na carpintería exterior; lousa verde de Lugo nos pavimentos da planta baixa e nos espazos exteriores; tarima de faia nos pavimentos da planta alta; aceiro






inoxidable nas barandas e madeira de faia nas portas interiores e no mobiliario. O exterior, recebado e pintado xunto a fragmentos de tableiro de alta densidade e de vidro.


Púidose realizar parte do amoblamento pero non se conseguiu materializar o encontro do xardín existente coa vivenda.

Como resultado: un proxecto no que as circunstancias dadas pola orientación e a disposición da parcela utilízanse para xerar una resposta arquitectónica precisa.




Aparecen dúas imaxes opostas da vivenda. Unha na que se emprega unha linguaxe máis pecha, máis "dura" -a da cara Norte- visualmente dominada polas edificacións máis achegadas. Outra linguaxe correspóndese coa imaxe máis aberta, cara ó Sur, cara onde se producen a totalidade do axardinamento e as principais actividades cotiás. Organízase así unha barreira que separa as zonas públicas verbo das máis privadas da casa e que pretende xogar coa sorpresa da visión que aparece unha vez traspasado o seu umbral.




PLANTA BAIXA




PLANTA ALTA







ALZADO ESTE




ALZADO OESTE



SECCIÓN A



SECCIÓN B





VIVENDA UNIFAMILIAR

Arquitecto: **José Ventura Real**
Promotores: **Xosé María Álvarez Cáccamo e Beatriz García-Ramos**
Constructor: **Cándido Rosendo Calvar**
Data do proxecto: **1993**
Remate da obra: **1995**
Situación: **Vilar, Santa Cristina de Cobres, Vilaboa (Pontevedra)**
Fotografías: **Xurxo Lobato**

A CASA DESPERTA

Xosé María Álvarez Cáccamo, poeta.

Eu, que fun testemuño inqueda e esperanzado de xerminación desta casa día a día, poden escoitar cómo os albaneis, a berros, pedían “¡luz, bota luz!” en lugar de “masa, mais masa!”. Subían do chan ao terrazo, placas arriba, cubos de luz que se misturaba con area e auga. Así a pel principal do rosto desta casa é parede trasparente que recibe da mañá á noite as horas completas do tempo. O día entra na casa co alborcer, desde o monte da Peneda, na vertical da praia de Cesantes, e vai subindo da enseada de San Simón, esa praza do mar doméstica e lacustre, tinturas azuis e grises de sal e po de lama, vidro verde e roto no ronsel dos barcos. A noite entra tamén nas alcobas e aquí dormimos todos anainados polas arquitecturas brancas da lua.

O arquitecto, un artista septentrional, sedento de luz, que se chama José Ventura, fixo progresar en ambición de torre acristalada as arquitecturas da terra. Aquí a terra son socalcos bravos, xeometrias do ascenso cara o monte norte, anfiteatro para o espectáculo da labranza - as veigas de abaixo- e do marisqueo -a colleita da flor do marisco branco-, enxeñerías de alta intelixencia. Nos ollos espaciais e líricos do arquitecto, os socalcos xiraron arredor dun eixo fantástico aritmético, escultórico, e os terrazos que aínda conservaban memoria de viñas e vendimas, ergueron a súa estatura en vontade de prisma. A casa é prisma de proporcións áureas e arxénteas, cifras perfectas do sol e da lua, e por iso convida á serenidade e por iso interpreta e reflecta todas as cores do arco da vella.


José Ventura non quixo disimular-nos os atributos do Sul: a chuvia, o vendaval, o sol de estiaxe. E tamén as airexas da primeira luz, a mudanza das cores sobre a liña frouxa de calendario, os camiños do tempo. A casa é sul sen muros, ollos abertos á contemplación e ao estudo dun horizonte infatigábel. Cumpre non fecharmo-nos na treba das mínimas xanelas espreitadoras, debaixo dun labirinto de tellados con centos de augas pesadas e mensardas negras como tricórnios. Cumpre habitar a casa aberta ao mundo, á nación da luz.



O solpor morre detrás. Detrás, tamén, no ábside, o Norte. Contra eles, ao seu favor, levantou-se o muro de rexo equilibrio, caixa que abraza con dúas valvas de cuncha as galerías, os naces da fachada. A parede Norte é un xogo de tres figuras de matemática esencial, xeométrica abstracción desde a que fala Mondrian: a xanela estreita, signo horizontal atravesado de troncos como lanzas, a abertura vertical para enmarcar o deseño senlleiro do ombú, a árbore da bela sombra, e o círculo, ollo de boi a sinalar un imposible norte de camarote asulagado baixo o bosque de argazos.

Así a casa equilibra en figura de síntese superior os dous principios do ser: o masculino, occidental e norte,

rexá fábrica, estatura ancha de terra cha, e o feminino, oriente e sul, acristalada leividade e soño. Fusión da hora plena, exótica e mediterránea, co misterioso horizonte atlántico que non podemos ver e non deixamos de imaxinar alén do telón dos montes. Os habitantes da casa, que somos prolongación da arquitectura cos trazos dos nosos corpos a percorrer-lle as interioridades, amamos esa ambigüidade, a dobre silueta dun erotismo sen subtítulos.

Na miña mitoloxía persoal hai unha “casa dormida” que erguin no solar dalguns poemas e que enche o espazo enteiro dunha peza teatral. Aquela é casa da saudade, historia da néboa, amor nostáxico das luces que morren. Esta outra, a que criou para nós o artista arquitecto, noso amigo José Ventura, é casa desperta fundamento do presente sobre os cimentos da luz. Luz de alba, amor de cristal.










VIVENDA UNIFAMILIAR


Arquitecto: **Jorge Salvador Fernández**
Arquitecto colaborador: **Alberte González Rodríguez**
Promotor: **Mario Salvador Fernández**
Data do proxecto: **1992**
Remate da obra: **1994**
Situación: **Angueiro, San Fiz.**
Concello de Lugo
Fotografías: **autores**

O sol do serán, os rebolos, a organización da parcela segundo un gradiente de intimidade e as edificacións complementarias determinan a situación da edificación.


A busca da relación ó mesmo nivel entre o interior e diferentes partes da parcela condiciona a organización da vivenda familiar en planta baixa. Un lugar illado para estudio e convidados dá lugar á planta alta.

O volume, máis alto ó norte, é menor cara á zona de expansión da casa.







PLANTA BAIXA




PLANTA ALTA




SECCIÓN BB




SECCIÓN CC



ALZADO SUR




ALZADO LESTE



ALZADO OESTE





VIVENDA UNIFAMILIAR

Arquitecto: **José Bernardo Távora**
Data do projecto: **1991**
Remate da obra: **1995**
Situação: **Fafe, Portugal**
Fotografias: **Luís Ferreira Alves**



Em Fafe, projecto para uma casa num loteamento de casa feias, anónimo, igual a tantos outros: implantação de 10x10m, afastamento aos vizinhos de 5m, cêrcea de cave, r/c e andar.

O projecto limitou-se a fazer o que os vizinhos não fizeram em suas casas:

- estrutura elementar de 2,5 x 2,5m, de 5 x 5m ou de 10 x 10m.
- jardim no prolongamento da casa
- muro exterior alto, em betão com esteios reforçando a regra da modulação
- cobertura plana
- caixilhos em alumínio polido
- cor amarela


E, por isto, a casa foi criticada, nun loteamento de casas feias, anónimo, igual a tantos outros, em Fafe.






26.9.90


26.9.90




CAVE







RES DO CHAO






1º ANDAR



CUBERTA







VIVENDA UNIFAMILIAR

Arquitectos: **José María Búa Gil, Xabier A. Franco Rabuñal e Vicente Pintos Santiago**

Aparellador: **Manuel Oomán Company**

Constructor: **Manuel F. Pinzás Construcciones, S.L.**

Data do proxecto: **1991**

Remate da obra: **1995**

Situación: **Av. de Ricardo Mella. Moláns, Coruxo. (Vigo)**

Fotografías: **Sergio Franco Rabuñal**

DO ENCARGO

Primeiro proxecto construído, cunha execución relativamente lenta que permitía ir actuando na obra en todo o que non fora previsto ou no mal previsto.





DA PARCELA


Chan, case rectangular, cando se empezou a vivenda non se diferenciaba de ningún dos prados estremeiros. As ordenanzas obrigaron a recuar en tódolos ventos. No fin quedará un "diante" verde con árbores (están a medrar) e un "detrás" máis recollido, pisado en pedra.


DA VIVENDA

Todo se dispuxo en torno ó recibo e a escaleira. As estancias ábrense ós frentes dun xeito completo, de forma máis secuencial ós laterais e se prolongan con espazos cubertos. Procurouse un bo contacto da vivenda co exterior.









Estado do edifício antes da reforma



CASA REGO

Arquitecto: **Xan Casabella López**
Colaboradores: **Santiago García-Echave Puente**
e **Xosé Díaz Vieites**
Promotor: **Xosé Lois Rego**
Constructor: **Roberto Riobóo**
Data do proxecto: **1992**
Remate da obra: **1993 - 1994**
Situación: **Barrio da Gaiteira, A Coruña**
Fotografías: **Xurxo Lobato**

Nun lugar onde a cidade perdeu a memoria histórica, pechando unha mazá en transformación.

Unha parcela extraña, facendo fronte a un antigo camiño, con só dúas fachadas para entrar a luz e a que se poidese pola cuberta.

Tres pequenas casas en banda, restos do tradicional barrio da Gaiteira.


A renuncia a optimizalo solar, segundo o PXOU, que permitia B+4.


Un programa para unha familia con catro fillos e unha avoa presa das pernas.

Pretendeuse multiplicar o escaso espazo, facendo que parecese todo moito máis grande do que realmente era. Os percorridos interiores e a luz eran esenciais nese labor de prestidixitación.


Buscouse un orden nas edificacións preexistentes que dera as pautas necesarias para a composición da nova, procurando que a simbiose tivese coherencia e unidade.

Queda agora ir completándoo, amodiño, coa moblaxe.







PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA




PLANTA SEGUNDA




PLANTA BAIXO CUBERTA

- 1 RECIBO. ACCESO PRAL.
- 2 SALON
- 3 COCIÑA
- 4 DESPENSA
- 5 PRANCHA
- 6 PATIO
- 7 BAIXADA Á ADEGA
- 8 DORMITORIO
- 9 ACCESO SECUNDARIO
- 10 BAÑO
- 11 PASARELA
- 12 TERRAZA
- 13 CHEMINEA
- 14 ESTUDIO
- 15 PAVIMENTO DE VIDRO




ALZADO LATERAL




SECCIÓN



ALZADO PRINCIPAL



OBRADOIRO
53



PEQUENA VIVENDA PARA FIN DE SEMANA

Arquitecto: **Enrique Seoane Prado**
Aparellador: **Jesús A. Montero Pereira**
Propietario: **Xosé Guerra Mosquera**
Autoconstrución
Data do proxecto: **Febreiro 1992**
Remate da obra: **Xuño 1995**
Fotografías: **Enrique Seoane**


Hai que realizar unha pequena casa nunha longa parcela que se fai ancha no fondo.


A construción sitúase perto do camiño, entre as casas existentes no núcleo rural, e tenta resolver a diferenza de cotas entre o camiño e a horta, e ó tempo, establecer unha transición entre o espacio público e o privado, colocándose no punto mais estreito da parcela, no peor lugar para non estragar o resto.

Os pasos estreitos e a fachada sobria limitan e dan paso á parte dedicada a horta e xardín.


E un volume prismático, que se coloca completando as edificacións do rueiro, tentando seguir as súas pautas de organización.

Materiais e cor contribúen á sinxeleza da arquitectura.







PLANTA BAIXA




PLANTA ALTA



SECCIÓN



ALZADO Ó MENCER



VIVENDA UNIFAMILIAR

Arquitecto: **Xosé M. Vázquez Rodríguez**
Aparellador: **Joaquín Lustres**
Promotor: **Javier Varela e M^a Dolores Mariño**
Constructor: **Construcciones Patiño**
Data do proxecto: **1993**
Remate da obra: **1995**
Situación: **Vilaxoán, Vilagarcía. (Pontevedra)**
Fotografías: **M^a Carmen Calatayud Romero**

A ría de Arousa, unha das máis belas rías galegas, é unha paraxe moi suxerente e atractiva para crear arquitectura.

Nun lugar privilexiado da mesma, dende onde se domina a entrada ó océano, o paso das embarcacións, as bateas, as construcións, os asentamentos... o que unha ría posúe, é ónde debía construír unha casa.

O terreo, desnivelado, era un outeiro que por razóns "sorprendentes" urbanizouse e converteuse nun lugar de asentamento novo, sen tradicións, sen orden, individuais e alleas unhas a outras.

A casa é un especial miradoiro sobre a ría, cérrase no seu perímetro exterior por fortes muros de pedra e ábrese dende o seu interior ás vistas, á luz, ó solpor...

Dende cada estancia divisase a mar-océano, o porto... Vilaxoán. Dende a mesma entrada á casa se percibe a transparencia cara á ría.


Aproveitando o desnivel créanse dúas partes unidas-separadas por unha lixeira escaleira, que se converte, ó exterior, nunhas bancadas-xardineira e nuns banzos.


A cuberta, dúas superficies lenemente curvas sobre os muros. Para estar, un espacio aberto-cuberto.

Forma, a máis sinxela.



Materiais, pedra e aluminio ó exterior e, no interior, madeira.

Construír é a tarefa de formalizar a idea. Na devandita formalización hai que aceptar as súas regras, para un purista: o desastre; para outros: o sedimento, o que realmente queda da idea. Hai que admitir que os cambios son variacións e máis nada. Unha curva en terraza-miradoiro, unha peza uniuse á outra formando un L... ó cabo unha obra é o resultado de múltiples factores; idea e construción.







PLANTA BAIXA




PLANTA PRIMEIRA



OBRADOIRO
59

SECCIÓN



VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA

Arquitectos: **Giuseppe Agata Giannocari e Sonia Facchin**

Arquitecto colaborador: **Xosé Luís Recuna Cuiña**
Aparellador: **M. Asensi**

Promotor: **José Luís Touceda Barreiro**

Constructor: **TOSOMAR, S.L.**

Data do proxecto: **1992**

Remate da obra: **1996**

Situación: **Av. de Pontevedra, A Estrada. (Pontevedra)**

Fotografías: **Xurxo Lobato**

No ámbito da urbanización do Hotel Milano e das súas infraestruturas (Publicado no OBRADOIRO, nº 21) iníciase a construción de oito vivendas unifamiliares illadas, de 200/300 metros cadrados de superficie cada unha.

O intento do proxecto está dirixido, por unha banda, a salvagardar a homoxeneidade e a unidade espacial do conxunto a través de elementos formais e regras repetidas en tódalas unidades habitables. Por outra banda o proxecto baséase na morfoloxía do terreo e na modulación planimétrica. En sínteses, o obxectivo foi o de acadar oito proxectos moi distintos cunha única idea arquitectónica. Esta é a de que a vexetación e o terreo circundante a cada vivenda invadan a arquitectura mentres as formas xeométricas do edificio enfatizan o seu carácter artificial subraizando a importancia da natureza.

A primeira unidade, que aquí se publica, representa


o proxecto piloto da agrupación. Nela se poden ler tódalas premisas arriba indicadas.

A pendente do terreo, orienta e caracteriza á vivenda, que presenta ben visibles e rigorosamente sinalizadas as dúas plantas por riba del, para despois obter outro nivel, máis neutro e semisoterrado, aló onde o terreo o consinte.


Compre salientar a especial atención prestada á escolla dos materiais e das técnicas constructivas como resposta a unha teimuda vontade, de mutuo acordo coa sociedade constructora, por utilizar sempre o mellor posible de entre os materiais, técnicas e man de obra locais.

Esta actitude nunca reduciu a calidade do realizado, aínda ben suliñou, a medio da simplicidade e da espontaneidade das eleccións, a dimensión anovadora da proposta, non conservadora pero integrada na tradición.









PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA





EDIFICIO DE VIVENDAS E LOCAIS COMERCIAIS

Arquitectos: **Jesús Irisarri Castro e Guadalupe Piñeira Manso**
Arquitectos Colaboradores: **Javier Rivas Barros e José A. González**
Aparellador: **José A. Areal**
Promotor: **Delmiro Vidal**
Constructor: **Construído por administración**
Remate da obra: **1995**
Situación: **Rúa de Sanjurjo Badía, Vigo**
Fotografías: **Leopoldo Alonso Lamberti, Manuel G. Vicente e J. Irisarri**

Situado nun solar entre medianeiras, irregular e moi estreito, o proxecto veu condicionado por unha banda pola necesidade de conservar parte dunha estrutura de formigón armado que alberga un forno industrial de obra e, por outro, pola obrigatoriedade normativa de realizar un recuado de dous metros na planta baixa co fin de obter algún día beirarrúas do ancho. Permitíase malia isto que pilares e corpos voados fosen alineados cos edificios estremeiros.

O programa comprendía: locais comerciais para despacho, obradoiro e oficinas, na planta baixa e na entreplanta ficando o resto das plantas para vivendas.

A situación do forno, xunto coa necesidade do local comercial de dar fronte á rúa na parte máis estreita do solar fixou a ubicación do núcleo de escaleiras e do ascensor.

As vivendas tentan respostar coherentemente ás diferentes actividades da vida cotiá a partires dun compromiso entre o entendemento do programa por parte do cliente e o que hoxe pode explorarse en torno ó espazo doméstico. O reducido tamaño das vivendas aconsellou traballar espacios versátiles e transformables no uso e no tempo, así como facer

énfase na diafanidade e a continuidade espacial.


En canto á presenza urbana do edificio, o recuado da planta baixa xunto cos voladizos permitidos, que acadaban case os tres metros, así como a estreitez e o carácter opresivo das rúas, levounos a quebrar as fachadas buscando perspectivas ó longo destas á vez que se conseguía alixeirar os volumes voados.


Desde o interior as vivendas protéxense dos edificios enfrontados e malia isto ábreanse totalmente, asomándose á lonxanía das rúas e recollendo a luz en toda a extensión das súas fachadas, tanto cara á rúa como cara ó patio.

Para isto unha alta fenda horizontal de vidro percorre cada planta transformándose en galería vertical, repetindo a liña quebrada do cerramento.


O carácter da fachada poténciase diferenciando os diversos planos do cerramento e os materiais: revoco e vidros transparente e translúcido; todo isto cinguido en bandas de aluminio, potenciando a lixeireza con tons e celosías.

No interior buscouse a calidez a base dunha forte presenza da madeira aínda que matizada pola súa suavidade de veta e de ton.







PLANTA BAIXA




PLANTA PRIMEIRA




PLANTA SEGUNDA E TERCEIRA



PLANTA CUARTA






PLANTA QUINTA





CORTE DA FACHADA

- 1 Chapa de cinc 0.6mm
- 2 Illante alta densidade 3cm
- 3 Barreira de vapor
- 4 Forxado
- 5 Canalón de cinc
- 6 Morteiro de pendente
- 7 Pletina de cinc
- 8 Perliescaiola
- 9 Taboleiro contrachapeado 10mm en faia
- 10 Aplique halóxeno 50w
- 11 Rastrel de pino roxo 3x2cm
- 12 Monocapa CDZ
- 13 Perfil aluminio anodizado
- 14 Climalit
- 16 Versteugas aluMInio
- 17 LHS
- 18 Cámara de aire 3cm
- 19 Poliestireno 3cm
- 20 LHD
- 21 Rodapé
- 22 Parquet flotante
- 23 Feltro
- 24 Nivelación
- 25 Morteiro nivelación
- 26 Canaleta
- 27 Perfil aluminio 60.20.1
- 28 Persiana Veneciana
- 29 Taboleiro fenólico
- 30 Chapa de aluminio lacado
- 31 Pletina 50.20.2 ferro pintado
- 32 Guía Klein 200 kg
- 34 Pivote guía
- 35 Taboleiro 19mm contrachapeado cereixo
- 36 Stadip
- 37 Granito silvestre 3cm
- 38 Perfil aluminio guillotina
- 39 Madeira de faia
- 40 Chapa aluminio anodizado
- 41 Chapa aluminio anodizado









EDIFICIO DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL

Arquitectos: **Cándido López e María Carreiro**
Aparellador: **Eduardo González**
Xefe da obra: **Salvador Alonso**
Promotor: **Xunta de Galicia, Instituto Galego da Vivenda**
Estructura: **CYR Galicia**
Constructor: **Construccion Fontenla**
Data do proxecto: **Outubro 1992**
Remate da obra: **Xaneiro 1996**
Situación: **Polígono de Esteiro, Ferrol**
Fotografías: **Xurxo Lobato**

O concurso EUROPAN 2 presentouse co tema: "Habitar a cidade, recualificación de zonas urbanas". Baixo este epígrafe englobábanse situacións tan dispares que ían dende as propostas para a renovación de vellos barrios residenciais a outras encamiñadas á expansión urbana en terreos vacantes.

Participamos neste concurso cun proxecto para a Plaza del Árbol, en Valencia. Este proxecto foi seleccionado como finalista.

Posteriormente, como consecuencia deste resultado o IGVS encargounos este proxecto, a situar nunha parcela diferente á que fora obxecto do concurso de EUROPAN en Ferrol.

Habitar. Soñar. Vivir
Un espacio. Planos que se cruzan.
Aire apreixado.
O espacio, lugar xeométrico sentido.

¿Un espacio?. Transfórmase
¿Un espacio.....?
¿Arquitectura.....?

Pensar. Sentir. Vivir.

O home. Un home.
Unha casa, unha morada, un fogar, un lugar

¿Arquitectura.....?

A vivenda social, cunhas superficies mínimas no seu deseño, pero cun programa que ha respotar a plantexamentos convencionais, ofrece dificultades para incorporar formas e dimensións espaciais que transcendan da súa mera condición de "piso". Tamén traballar nunha mazá condiciona o proxecto xa que obriga a dar un tratamento unitario a fachadas con orientacións e vistas distintas: non só a visión do edificio -a súa imaxe- é importante. Éo tamén a visión dende el. E aquí, neste lugar, o mar está preto e o horizonte permítenos ir máis aló dos nosos límites.

E o patio. O patio, lugar de relación e de xogo. Lugar de acougo.

As árbores tan veciñas e o mar. Recuperar o mar para o barrio, para as rúas que non o poderían ver. Un patio aberto a un mar cribado polas follas verdes dos plátanos. Quizais alguén recorde de onde ven e o asfalto non sexa tan mesto.

Estas premisas eran en realidade as consecuencias que queríamos acadar: unha vivenda para o cliente anónimo, que eramos nosoutros, nunha envoltura para nosoutros, cidadáns.

Lembramos as ensinanzas de Kahn e a súa xerarquía de espazos. Espacios servidos y espazos servidores. Uns forman o frente á rúa, os outros miran cara ó patio.


Cara á rúa un único oco define cada unha das vivendas; nel unha caixa de cristal e de formigón sepárase da fábrica e móvese buscando o mar por riba dos tellados e da propia rúa. Dentro da casa este oco enlaza as estancias que poden ser unha ou poden ser máis.



Esas pezas que miran cara ó patio quedan contidas nos seus propios límites, con ventás na cociña e no cuarto e un oco formado por un vidro moldeado e lamas de cristal no tendal.

Estudiouse o deseño da peza formada pola cociña-comedor-tendal, para poder obter unha zona de comer que se protexa e protexa a visión da área estricta de cociñar, pero que non corte a transparencia visual dende o vestíbulo cara ó patio. O espacio percíbese en eixos diagonais que non limitan, senón que se prolongan noutras estancias e no exterior.


A esquina, elemento singular, enlace entre dúas direccións, acolle as vivendas de meirande superficie. Nesta os ocos recuperan o plano de fachada, incluso afundíndose e fendéndose..., mais seguen a ollar e buscar.

A cor do edificio quer ser unha, única, que se perda na retina; sen contrastes.







PLANTA BAIXA



PLANTA TIPO



DETALLE PLANTA TIPO



CENTRO SOCIAL DE DÍA PARA A CRUZ VERMELLA

Arquitectos: **Ignacio Alonso Velasco, José Manuel Alonso Velasco, Ricardo Beltran Pedreira e Javier Álvarez Pablos**
Colaboradores: **Gonzalo Garcia Mendez, Ana Garcia-Cabezón, estudantes de arquitectura.**
Carlos Naveira Pedreira, delineante
Aparellador: **Leopoldo Camba Méndez**
Promotor: **Delegación provincial da Cruz Vermella**
Constructor: **Construcciones Seovar, s. l.**
Data do proxecto: **1993**
Remate da obra: **1995**
Situación: **Rúa Curros Enríquez. A Coruña**
Fotografías: **Xurxo Lobato**


As características especiais da parcela, a súa forma triangular e a disposición do actual edificio condicionan a solución adoptada no proxecto. O eixo compositivo do edificio é paralelo ó eixo da Rúa de Curros Enríquez e toda a súa disposición volumétrica realízase con respecto desta dirección. O aumento de volume na planta baixa e a ocupación óptima da mesma obríganos a considerar o eixo da rúa de Ramón del Cueto, recuperando esta alineación.


En consecuencia realizamos unha composición de volumes para acadar unha harmonización con respecto ós dous eixos compositivos. Dunha banda o eixo que se crea cara á rúa Ramón del Cueto realízase cun ritmo compositivo acorde co existente nesta rúa, resultando deste unha fragmentación volumétrica e de ocos. Do outro, a importancia do volume construído así como a marcada alineación da rúa de Curros Enríquez, suxire

un tratamento que non entre en conflito co construído; o recuado desta fachada ata despois da liña de pilares e o seu tratamento encristalado continúan en grande parte a idea da fachada orixinal.


Con respecto á disposición do programa de necesidades requirido, a optimización da superficie dispoñible para os distintos espazos, a comunicación e a relación entre eles, a forma triangular da parcela, a concentración dos espazos servintes, e a necesidade de manter o núcleo de comunicacións actúan como premisas no seu desenvolvemento.

Por outra banda compre suliñar a importancia que acada o distribuidor como espazo de relación dinámica, potenciandoo a medio do tratamento de parte do volume dos aseos, así como da incorporación visual do patio axardinado.







PLANTA BAIXA



SECCIÓN TRANSVERSAL



OBRADOIRO
75



REFORMA DE LOCAL COMERCIAL

Arquitectos: **Mario di Felice Vázquez e Carlos di Felice Vázquez**
Promotor: **Fulgor Galicia, S.A.**
Constructor: **ANSAYCA**
Data do proxecto: **1993**
Remate da obra: **1995**
Situación: **Rúa de Fernando Macías, A Coruña**
Fotografías: **Leopoldo Alonso Lamberti**


Obra primeira. Ficou algunha esperanza.

O xuíz da realidade roborou da transparencia a corrección de traer luz do fondo do local cara á fachada.


Dun programa con clara separación de funcións (xestións e almacenaxe) quíxose obter un todo visual, espacial.

Polo demais, coído ter perseguido, sen sabelo, algo quedo, atrapado.






SECCIÓN AA




PLANTA ALTA




PLANTA BAIXA


- | | |
|---------------------------------|-------------------------|
| 1- OFICINA | 7- ASEOS |
| 2- DESPACHO | 8- DUCHA |
| 3- ZONA DE ACCESO O ALMACÉN | 9- VESTUARIO |
| 4- COMUNICACIÓN OFICINA-ALMACÉN | 10- ENTREPLANTA OFICINA |
| 5- ALMACÉN | 11- ENTREPLANTA ALMACÉN |
| 6- ESTANQUE FONDO 15 cm. | 12- LUCERNARIO |





SEGUNDO ALZADO




ALZADO Á RUA



SECCIÓN TRANSVERSAL OFICINA





ESTABLECEMENTO PARA SERVICIOS INFOGRÁFICOS

Arquitectos: **Xosé Ramón Estévez Rodríguez**
Colaboradores: **Ana Belén Armesto, decoradora;**
Indalecio Carreira, deseñador gráfico e
José Manuel Abelleira, xestión informática
Promotor: **ESCEA INFOGRAFÍA**
Data do proxecto: **Outubro 1995**
Remate da obra: **Xaneiro 1996**
Situación: **Rúa do Orzán, 71. A Coruña**
Fotografías: **Xurxo Lobato**


O proxecto xorde dunha confrontación interior-exterior.

Afrontamos un dobre reto. Á necesidade de intimidade e de protección respecto dun exterior moi transitado, do que nos separa unha beirarrúa de tan só 30 centímetros de ancho, uníase o enfrontamento cunha caótica xeometría interior.


A nova xeometría, formalizada en tres dependencias principais, multiplica os espacios e as funcións abrindo ou pechando as súas membranas.


A luz e a cor unifican este xogo.

Nas fonduras do local a pedra que xorde do medianil, feita home pola man do arquitecto, acentúa o intimismo que o proxecto desenvolve.




SECCIÓN






PLANTA



AXONOMETRIA





EDIFICIO DE OFICINAS

Arquitectos: **Carlos M. Muñoz Fontela e**

Luis W. Muñoz Fontela

Arquitecto colaborador: **José Carlos García Seoane**

Aparellador: **Carlos Banet Risco**

Promotor: **URBAINGASA III**

Construtor: **Construcciones Fontela, S.A.**

Contratista: **Cubiertas y MZOV.**

Data do proxecto: **1993**

Remate da obra: **1995**

Situación: **Rúa de Juan Florez esquina a**

Av. de Alfonso Molina. A Coruña

Fotografías: **Xurxo Lobato**

O proxecto é o resultado do "Concurso Publico para o Alleamento das Parcelas P-7, P-8, P-10 e P-15 do Antigo Polígono de Elviña, 3ª Fase (San Pedro de Mezonzo), na Coruña, Propiedade do I.G.V.S." celebrado en xuño de 1993.

As ordenanzas vixentes e a calificación do solo que afectan ó solar proveñen do PXOU da Coruña e mais da modificación puntual á que foi sometido o devandito documento, formulada sobre a denominada "Parcela P-15". Este documento foi redactado polo arquitecto Manuel Gallego Jorrete, por encarga do I.G.V.S., para o "Reordenamento dos volumes do antigo Polígono Elviña- 3ª Fase" co obxectivo de completar a edificación existente e cubrir as medianerías existentes.

O edificio quedou configurado en dous corpos:

1/ Un volume de planta trapezoidal, defrontado coa Avenida de Alfonso Molina. Dispón das seguintes alturas: Soto (cuartos técnicos), Soto (oficina), Baixo (oficina), 7 Plantas (unha oficina por planta) e un Baixo-cuberta (oficina).

2/ Unha peza de planta rectangular, abríndose á rúa de Juan Flórez. Dispón das seguintes alturas: Soto (cuartos técnicos), Soto (comercial vencellado ó baixo), Baixo (comercial), 9 Plantas (unha oficina en cada) e un Baixo-cuberta (oficina). Este bloque remata a extremo


sur do solar, ocultando a grande parede medianeira do edificio estremante.

Ambas áreas de oficinas comparten portal (acceso por unha perpendicular á rúa de Juan Flórez), escaleira e dous ascensores.


Debido a que a realidade do solar evidenciou unha redución da súa superficie respecto da inicialmente considerada, foi necesario -para acadar a edificabilidade asignada polas ordenanzas- darlle voo ó edificio a partires da segunda planta. Este voo realizouse exclusivamente na banda maior da peza rectangular.

Os criterios seguidos para a formalización do edificio son os derivados de compatibilizar o redactado na modificación puntual do PXOU e nas diferentes normativas que inciden na proxectación de vivendas e oficinas, xunto coa idea dos arquitectos de facer unha distribución racional en base a unha volumetría simple.


A fachada resolveuse con bandas de chapa estrusionada de aluminio anodizado e ton aceiro inoxidable, de 12 cm de ancho, colocadas sobre perfilería metálica. As ventás están conformadas por carpinterías do mesmo material e cor, con acristalamento de dobre folla, coa exterior reflectante. O edificio érguese sobre un zócolo de lousa negra do país.




PLANTA BAIXA




PLANTA SEMISOTO





PLANTA TIPO



PLANTA BAIXO CUBERTA



CORTE DA FACHADA (EN EXECUCIÓN)





CENTRO DE REHABILITACIÓN E EDIFICIO ADMINISTRATIVO

Arquitecto: **Tomás López Lamas e Francisco Otero Méndez**

Enxeñeiro colaborador: **Antonio González Serrano**

Aparellador: **César Armesto Vázquez**

Promotor: **Mutua Gallega de Accidentes del Trabajo**

Constructor: **CUÑA, S.A.**

Data do proxecto: **1992**

Remate da obra: **1995**

Situación: **Monte Alfeirán, Culleredo. (A Coruña)**

Fotografías: **Xurxo Lobato**


O conxunto está composto por tres edificios: un existente que se reforma no seu interior e que xa funcionaba como Centro de Rehabilitación; outro intermedio, que se amplía e acolle as dependencias complementares (vestiarios, almacéns, caldeiras e salas polivalentes) e un terceiro edificio, de nova creación, situado na parte máis baixa da parcela, que terá uso administrativo e carácter emblemático.





A grande pendente do terreo suxeríunos o emprego da cuberta do novo edificio como miradoiro cara á Ría do Burgo e como zona de lecer do centro de rehabilitación. Atopándose a súa entrada á mesma cota adoptouse a solución de terraza transitable, comunicada cunha rúa elevada aberta ó exterior e un corredor interior que comunicara os tres edificios.




Interesa darlle un carácter singular ó novo edificio administrativo polo que se pretende unha forte

presencia na paisaxe, sobre todo na súa fachada norte, pero sen grandes volumetrías. Por isto emprégase a retícula estrutural como elemento principal da composición, intersecándoa con volumes encristalados, creando unha certa diafanidade visual nas beiras do edificio e procurando así unha dobre fachada que se acentúa aínda máis no seu encontro coa forma curva do volume situado á esquerda.

Unha segunda lectura do edificio suxírenos un tratamento tecnolóxico especial nas carpinterías a base de perfilarias ocultas e tensores de aceiro, a utilización da cor azul como imaxe corporativa da Mutua e o deseño de escaleiras, barandas e lucernarios como elementos de impacto visual contribuíndo todo isto a potenciar unha nova imaxe da empresa, convertíndose así no seu edificio máis representativo e sé principal para toda Galicia.







XOIERÍA CORTIZO

Arquitecto: **Fernando Agrasar Quiroga**
Constructor: **Angel Fernández Misa**
Promotor: **Hermanos Cortizo**
Data do proxecto: **xullo 1993**
Remate da obra: **febreiro 1995**
Situación: **Rúa de Urzaiz, 202. Vigo**
Fotografías: **Xurxo Lobato**

O encargo deste local comercial proporcionou a oportunidade para ensaiar dous problemas compositivos. Os condicionantes técnicos e funcionais deste espazo comercial permitiron plantexar as cuestións da **dobre pel** e da rotura da esquina como solución ós problemas plantexados, e ó tempo desenvolvélos dun xeito enérxico, case que caricaturesco.



Traballar cunha dobre pel permitiu resolver o problema que presentaba o interior dun edificio dos anos 70, no que as columnas e as baixantes, en número e desorde excesivos, enchían as paredes do recinto. Ademais este recurso compositivo axudou a diferenciar unha oposición desexada entre interior e exterior colaborando a unha transición brusca.


A pel exterior está formada por dous planos severos, de placas de granito gris, queimado, separadas por pletinas horizontais de aceiro inoxidable robronadas ó cerramento de fábrica. Estas pletinas

resolven a carpintería dos escaparates e fixan as pezas do aplacado.


A pel interior é unha superficie cálida de madeira de faia, tinxida de amarelo, na que se recortan caixóns, vitrinas e escaleiras. O volume destes elementos acóllese no espazo sobrante entre esta pel e o perímetro real do local. Esta envolvente interior redebuxa a xeometría da planta, sen forzarse a manterse paralela ós muros existentes.

A esquina do local, punto visual privilexiado no cruzamento de rúas no que se localiza, escáchase, substituindo o granito polo cristal, nunha fenda xeométrica, que se estreita en altura. O cerramento, duro e cheo, mórdese para amosar o interior: a mercancía exposta. As liñas de aceiro mantéñense e debuxan unha proa de cristal. Esta rotura do canto lévase ó interior deixando un pequeno oco triangular en dobre altura, co que se pretendeu que penetrase unha luz inesperada.







PLANTA




SECCIÓN




FACHADA



PORTA DE ACCESO



SECCIÓN DE FACHADA ESCAPARATE A DOBLE ALTURA



CENTRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E INFANTIL


Arquitecto: **Xesús Álvarez Flórez**
Arquitecto colaborador: **Xosé Manuel Bermúdez Graño**
Arquitectos directores da obra: **F. J. Sancosmed Lage e Xesús Álvarez Flórez**
Aparellador: **Servicios Técnicos da Consellería de Educación**
Promotor: **Xunta de Galicia. Consellería de Educación**
Constructor: **Construcciones Naray**
Data do proxecto: **Novembro 1992**
Remate da obra: **Novembro 1993**
Situación: **Galdo, Viveiro. (Lugo)**
Fotografías: **Xurxo Lobato**




Dun encargo cun presuposto reducido para realizar un grande programa adoptouse a solución dun edificio compacto, tentando que os espazos comúns chegaran a ser puntos focais de interese nunha intención de aproveitamento superficial importante.





Estudiouse a relación coa antiga Escola Fogar de Galdo tentando un diálogo funcional e volumétrico.

O edificio baséase en referencias a arquitecturas do Movemento Moderno no tocante a:

- O achegamento do edificio á Máquina. Estúdiase en conciencia un programa funcional dándolle unha importancia prioritaria, tentando que o edificio sexa en realidade un espacio prioritario destinado a un fin educativo.
- A homenaxe ó "menos é máis" adoptouse no referente ó deseño da súa forma, da súa construción e da súa estrutura; solucións contrastadas que ó cabo non nos apartaron do obxectivo primordial da nosa arquitectura: facer unha boa obra, duradeira e capaz de expresar cultura e coñecemento en si mesma.







CENTRO PARA XUNTANZAS VECIÑAIS

Arquitectos: **Manuel E. López Vázquez e**

Manuel Pena Rodríguez

Arquitecto director de obra: **Manuel E. López Vázquez**

Constructor: **López y Losada C. B.**

Promotor: **Concello de Paradela**

Data do proxecto: **1992**

Remate da obra: **1994**

Situación: **Aldosende, Paradela. (Lugo)**

Nunha pequena aldea, onde a arquitectura popular esvaece e o ser humano non muda os espazos que habita.

Viven e morren os vellos non transformados en nenos.

Este é o sinal dos tempos, a perda das referencias.

Apuntamos mutacións, traballaron os homes do lugar e os espazos foron habitados inconclusos. _ pouco tempo xa os tiñan feito seus.


Estamos certos de que os vellos sempre queren ser transformados en nenos.


Os arquitectos somentes deben conducir a música do sistema, os seres humanos son sempre os músicos na melodía das referencias.

Os verdadeiros autores, os verdadeiros actores do éxito.



A individualidade creativa é a chave, e tamén a trampa.

Nunha pequena aldea, onde a arquitectura popular esvaece e o ser humano non muda os espazos que habita.







ALZADO NORTE



PLANTA BAIXA





SECCIÓN



PLANTA ALTA





CASA DA CULTURA

Arquitectos: **Pedro R. Iglesias Pereira e Joaquín Fernández Madrid**
Aparelladores: **Germán Hermida Noval (Fases I e II), e Antonio Gómez Fontelo (Fase III)**
Promotor: **Concello do Porto do Son (Fases I e II) e Consellería de Cultura (Fase III)**
Constructor: **Juan José Saborido (Fases I e II) e ALEA, S.L. (Fase III)**
Data do proxecto: **1989**
Remate da obra: **1995**
Situación: **Campo da Atalaia, Porto do Son. (A Coruña)**
Fotografías: **Xurxo Lobato**

Basicamente se pretendía dotar ó Porto do Son dunha biblioteca pública, un salón de actos -que permitira representacións e conferencias- e dun local de usos múltiples, apto para exposicións, ensaios de danza, coloquios, etc. O programa complétase con almacén, servicios, etc.

Para a ubicación deste edificio o Concello dispuña do chamado Campo da Atalaia. Este terreo, de forma alongada se sitúa entre a Casa do Concello e a Ermida da Atalaia. Na estrema máis próxima ó Consistorio atópanse tres escolas unitarias. Dúas rúas asfaltadas rodean o terreo, que presenta un gran desnivel, subindo con forte pendente cara á ermida.

Tendo en conta o fermoso fondo da perspectiva formada pola ermida, situada na beira dun cantil, pretendimos que a nova edificación non dificultase de ninghuna forma a súa visión e que entrase en diálogo con ela. Para isto optamos por un edificio semi-soterrado, aproveitando o desnivel, de forma que a cuberta do salón de actos fixera as veces de praza peatonal.


O diálogo entrambos edificios xorde da rotundidade de volumes imposta á Casa da Cultura, así como do seu acabado exterior, en granito flameado de Porto do Son. Pérgolas, banco da praza circular, barandas e baixantes son o arremedo dos remates, da cornixa e do campanario da igrexa.

Interiormente a Casa da Cultura se divide en dúas zonas coincidentes coas plantas. Na baixa sitúase a biblioteca, con dúas salas de lectura e depósito de libros. A entrada a esta planta se realiza a nivel. Unha escaleira exterior conduce ó segundo piso, onde se sitúa o salón de actos, capaz para 240 persoas sentadas- e a sala polivalente. A esta planta tamén se accede dende as rúas que arrodean o edificio.


Coidamos que a colocación deste edificio ó carón da ermida e da Casa do Concello acabará convertindo a este espacio urbano no centro da vila.

Dificultades orzamentarias obrigaron a fraccionar a execución material en tres fases, coa conseguinte demora nos prazos de execución, que se alongaron durante 6 anos!










PLANTA BAIXA




PLANTA PRIMEIRA



PLANTA DE CUBERTAS





PAVILLÓN PARA EXPOSICIÓN PERMANENTES

Arquitectos: José Luis Basanta Cillero e

Ángel Francisco Velando Rodríguez

Aparellador: Juan Sanmartín Enriquez

Proxectos de moblaxe e de exposición:

José Luis Basanta Cillero e

Ángel Francisco Velando Rodríguez

Promotor: Gabinete de Planificación e desenvolvemento

Territorial da Consellería da Presidencia

Constructor: Construcións Taboada e Ramos

Data do proxecto: 1994

Remate da obra: 1995

Situación: Parque empresarial "Lalín 2000".

Lalín. (Pontevedra)

Fotografías: Xurxo Lobato

Este edificio é o primeiro dunha serie de "Pavillóns Comarcais" a construír de acordo co Plan para o desenvolvemento comarcal de Galicia.

O edificio debía respostar á función de exposición e información da comarca, dos seus recursos e potencialidades e ser centro de dinamización da vida comarcal, con especial incidencia no terreo do desenvolvemento empresarial. Tiñamos tamén que converter o edificio en reclamo de si mesmo dada a súa situación á beira dunha estrada de moito tránsito.

O programa quedou fixado en: a) Área de atención ó público, primeira información comarcal e venda de produtos; b) Área de exposición permanente da realidade comarcal en tódolos seus aspectos; c) Pequena cafetería-restaurante; d) Área de atención empresarial, con diversos despachos; e) servizos complementarios e d) urbanización exterior, con estacionamento cuberto e xardín.

A parcela, de superficie practicamente chan, sitúase nunha das extremas do Polígono industrial de Lalín, na confluencia de dúas vías interiores.

O compromiso entre o programa e as peculiaridades da parcela configuraron a edificación.

Decidimos individualizar o elemento máis singular do


edificio: a sala de exposicións, dándolle unha función visual de primeiro plano de fachada fronte á estrada, pretendendo coa forma triangular alixeirar o peso do seu volume.



A normativa urbanística do Polígono esixía que este corpo fose acristalado. A súa orientación mediodía provocou a aparición dun importante beirado e dunha celosía apoiada nun rotundo orde de pilares.

En contraposición ó corpo de exposicións, plantexamos en segundo plano, un volume moito máis definido nos seus límites, máis cego e máis alto, situado diagonalmente na parcela, enfrontando a súa afiada proa cara ós viaxeiros que chegan pola estrada.


Escollimos o granito silvestre para as fachadas polo súa cor cálida e brillo dourado, utilizando tamén o morteiro monocapa en puntos singulares. No interior empregamos materiais que aportasen texturas naturais e cálidas, repetindo en moitos casos os mesmos materiais empregados no exterior co fin de conseguir unha unidade. Así as cousas decidimos empregar o granito silvestre, o monocapa e o taboleiro de DM vernizado.

Para a moblaxe e a exposición decidimos empregar madeira de faia con verniz mate, taboeiro de DM e chapa de aceiro con pintura tipo ferro.







FACHADA N.E.




SECCION C





SECCIÓN C



PLANTA PRIMEIRA





PLANTA BAIXA




DUAS ACTUACIÓNS DE "O CERNE DA DEBOURA"

Arquitectos: **Ana Recuña Carrasco, Juan Creus Andrade, Juan Coira López, Covadonga Carrasco e Belinda Besada Vergara**
Aparellador: **Pablo Reboredo Canosa**
Biólogo: **Miguel Díaz Varela**
Estudiantes de Arquitectura: **Juan Carlos López Gonzalez, Ignacio Mendizabal Herrero e Guillermo Gonzalez Apesteguia**
Situación: **Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo. (Ourense)**
Fotografías: **O Cerne da Deboura**



PLAZA/RÚA DE XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO, 1994.



A asociación **O CERNE DA DEBOURA** naceu en 1990 a partires dun grupo de alumnos da Escola de Arquitectura da Coruña interesados en crear un proxecto fora do ámbito académico. A idea era encontrar un elemento abandonado no mundo rural, estudialo, proxectar a súa rehabilitación para uso tanto da Universidade como do propio pobo e colaborar na súa construción co fin de aprender o uso dos materiais.

Despois de estudar diversas localizacións como O Caurel, Ribadeo ou Pedre decidímonos polas Illas Lobeira -situadas na boca da Ría de Corcubión- nas que se atopa unha casa-faro abandonada. Trasladámonos aló e durante dez días realizamos un estudio do lugar, levantando planos da illa e da edificación. Tras decidir o seu uso como Aula de Natureza e Refuxio de Pescadores regresamos para realizar "in situ" o proxecto.

Ese mesmo ano o Concelleiro de Cultura do Concello de Xunqueira de Ambía, sempre preocupado por revitalizar a vida do pobo, ofreceunos colaborar con eles.

Xunqueira, o núcleo principal, creceu a partires do que un día foi un importante mosteiro, conservándose unha serie de edificios a el vencellados, a meirande parte en estado de abandono.

A nosa primeira actuación foi a elaboración do plano do casco histórico e mais da zona monumental vinculada ó mosteiro, analizando posteriormente o territorio e os seus principais fitos.

Propúxose unha intervención global de rehabilitación coa intención de incentivar o desenvolvemento económico e cultural do

lugar, respectando os edificios e o seu entorno, dándolles un uso acorde coas súas características propias.

Partindo destes plantexamentos realizáronse unha serie de proxectos na zona monumental de Xunqueira de Ambía, artelládoa como centro cultural do concello:

- Casa da Cultura, ubicada nun celeiro medieval.
- Museos e lugares de xuntanza nos edificios que rodean o claustro.
- Remodelación do lavadeiro e do seu entorno.

Así mesmo actuouse sobre o casco histórico propoñendo rehabilitar dous edificios, arruinados, como Casas de turismo rural.


Outras actuacións no ámbito municipal consistiron na recuperación de camiños, os proxectos de rehabilitación dos muiños do Río Arnoía e un pequeno balneario.

Dous destes proxectos, a remodelación do lavadeiro e o museo etnográfico, empezáronse a executar coa colaboración dos mozos de Xunqueira a medio de cursiños do INEM.

Actualmente o grupo profesionalizouse, traballando principalmente en dous ámbitos:






- Un programa de intervención no Mosteiro de Xunqueira de Espadañedo e a súa contorna.
- Elaboración das Normas Subsidiarias de Xunqueira de Ambía.

O grupo pretende manter a nivel profesional o mesmo espírito que cando traballaba como Asociación sen presións alleas á correcta elaboración dos proxectos.



OBRADOIRO
108

MUSEO ETNOGRÁFICO, XUNQUEIRA DE AMBIA, 1993.



OS PROXECTOS

Os dous proxectos aquí presentados foron realizados polo equipo de "O Cerne da Deboura". Estes proxectos relaciónanse con dous mosteiros situados nos pobos de Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo.


En Xunqueira de Ambía estúdiouse e planificouse o casco histórico e a zona monumental do mosteiro con edificios e espazos públicos de especial interese e con poucas intervencións que modificaran a súa fisionomía.

Rehabilitase un edificio que forma parte do claustro co uso de museo etnográfico. Ó día da data (decembro 1995) tense realizado a cuberta, estando en execución o resto da obra.


Consérvase o que se considera fundamental no edificio: muros, ocós, forma da cuberta... e se crea un novo piso na planta primeira consistente en dúas plataformas que se separan dos muros para vencellarse a un percorrido creado por unha escaleira e unha pasarela.

No exterior acentúase a entrada por un patio cunha pérgola que anuncia o museo ó visitante.

En Xunqueira de Espadañedo realizouse un proxecto de intervención no mosteiro e no seu entorno, corrixindo actuacións non axeitadas e localizando usos coherentes cos espazos que o mosteiro ten ido creando. A parte realizada é o acondicionamento do espazo público existente entre o mosteiro e o pobo.



1: REMODELACIÓN DA RÚA SAN BERNARDO, *PEREZ MEDRANO*, arquitecto
2: FACHADA COMERCIAL NA RÚA CARRAL, *FRANCO RABUÑAL E PINTOS SANTIAGO*, arquitectos
3: REMODELACIÓN DA RÚA DA LAXE, *CID SUEIRO E HERNÁNDEZ CRESPO*, arquitectos
Fotografías: Xan Casabella López




Transitar polas rúas de Vigo desenvolve un talento, evitar as escaleiras. O centro da cidade aséntase entre o nivel do mar e a cota +96 metros da Praza de España agarimando a pequena montaña verde do Castro, mentres a rede viaria enxéñase para subir con dificultade sobre a apurada costa arriba da ladeira. Sobre as liñas de máxima pendente, como se a penas se reparara niso, ábrese multitude de escaleiras urbanas marcadamente residuais, que se ofrecen á vista como feridas que gretan o denso tecido urbano. Son escaleiras dispostas sobre fendas apertadas e medoñentas, que xeometrizan cansas relacións pegada-contrapegada, á vez que proxectan sobre a escena urbana do corazón da cidade as súas sombras ásperas e pouco amigables. Non obstante, aínda que é certo que o asentamento urbano de Vigo está fortemente esixido pola topografía, tampouco parece que esteamos diante dunha natureza especialmente inabordable.

Pasando unha rápida ollada sobre a historia e a xeografía, vemos como o accidentado litoral do sur de Europa permite identificar un ininterrompido rosario de belísimos e acreditados asentamentos en lugares topograficamente caprichosos. En Knossos, 1500 anos antes da nosa era, xa se desenvolveu con brillantez a arquitectura por niveis. E é precisamente en Galicia onde se fai da escalinata verdadeira paixón estilística no último tercio do século XVII e ao longo de todo o

XVIII, con fitos antolóxicos como o acceso á igrexa de San Martiño Pinario, tradición mantida nas nosas vilas e cidades ao longo do eclecticismo e na arquitectura e urbanismo da Restauración. No mesmo Vigo, e non tan lonxe no tempo, Jenaro de la Fuente proxectou unhas magníficas escaleiras, xenerosas e señoriais para enlazar a rúa Pi y Margall coa zona do Picacho, nunca realizadas, e moi semellantes ás que construíu en Santiago para enlazar con apreciable talento e elegancia o paseo da Ferradura coa Cidade Universitaria.

Centrándonos nun enfoque tipolóxico, a escaleira ten unha categoría conceptual que trascende a mera realidade constructiva. É unha tipoloxía tan universal que por ela se move Dante entre os atrancos e fosos, na Divina Comedia, relatando como "por la vía que de escalera nos sirvió bajando, volví a subir llevándome mi guía". É a tipoloxía de fonda raíz galega como antes apreciábase, que leva a Cunqueiro, a necesitar introducir expresamente na escenografía da súa versión de Hamlet "unha grande escaleira de pedra" sen a cal non se imaxina o castelo de Elsinor. É tamén tipoloxía con maxia propia, como nos contos de Andersen onde "el palacio del príncipe tenía grandes escalinatas de mármol que descendían hasta el mar"; e é que escaleiras resplandecentes enchen os contos, os sonhos, a literatura e o cine.

Non é agora o momento de investigar en que punto



ESCALINATA DE ACCESO E ENLACE DA RÚA PI Y MARGALL CO PARQUE DE PICACHO, PROXECTADA POR D. JENARO DE LA FUENTE

e por que causas o urbanismo de Vigo, esquecendo tantas referencias, torceu o bo sentido, e abandonouse á torpeza técnica e á fealdade con escaleiras como as da rúa Ecuador esquinas coas rúas Panamá, Arzobispo Gelmirez, Joaquín Lóriga, Finisterre, enlaces das rúas Doctor Cadaval, Pi y Margall coa Seara, Teofilo Llorente con Cánovas del Castillo, as múltiples que conflúen en Camelias, Hispanidad co Castro, e un longo etc. Ante esta situación, conscientes do rubor que producen as escaleiras urbanas da nosa cidade, o Concello e o Colexio de arquitectos, a través da Bolsa de Traballo, encomendaron o pasado ano a unha presa de xoves arquitectos, a tarefa de operar o prodixio de dignificar estes elementos urbanos. Empresa difícil para saír airosos porque ¿que artificio pode obviar o feito determinante de que estes recintos están urbanisticamente cautivos entre xeometrías inamovibles e densas edificacións?

Ante a imposibilidade de incidir no entorno inmediato, constringida toda marxe de manobra, as propostas buscan con habilidade fórmulas variadas para saír do laberinto. Así na solución da rúa Ecuador esquina con Arzobispo Gelmirez, óptase por un modelo semiesculturístico, case un Oteiza, propoñendo un cubo aberto e branco, que resulta atinado e eficaz. En Hispanidad recórrese á enfase na color, en Doctor Cadaval ao coidado nos acabados de pedra e aos


materiais, mentres en xeral se experimenta cos complementos de mobiliario urbano ben sexan bancos, farolas ou arboreda. Globalmente estas actuacións se revelan, polo tanto, como esforzos desenvolvidos en microcontextos, onde case non cabe a profundización crítica e expositiva de verdadeiros proxectos de rehabilitación con capacidade para contribuír significativamente na paisaxe urbana.

Vigo, incluso a pesar de certos indicadores económicos e demográficos, segue sendo unha cidade cun medio urbano moi aberto e cunha sostida expansión física que se amosará nos próximos anos diante dos nosos ollos nunha nova, poderosa e impactante forma urbana e en rotundas arquitecturas. As novas ordenanzas do Plan Xeral e os mecanismos de xestión están producindo unha enorme floración de pequenos e medianos espacios públicos e zonas verdes que presentan notables problemas técnicos, paisaxísticos e de integración. Do sentido da anticipación e bo facer de hoxe, dependerá que moitos destes espacios estean na Bolsa de Traballo antes de pasados uns quince anos para a súa reparación e correspondente prodixio rehabilitador como hoxe nos ocorre con tantas das nosas calamitosas escaleiras urbanas. Quizais fose máis xusto e sensato intervir antes con xenerosidade e imaxinación.



Vigo, 11 de marzo de 1.996.




INTERVENCIÓN NA PRAZA DE ARGUELLES
JOSÉ A. GONZÁLEZ GONZÁLEZ, arquitecto



INTERVENCIÓN
CRISTINA CAMELELLA SOLA, arquitecto



CONSTRUCCIÓN NA RÚA DE ECUADOR
VIVENTE PINTOS E J. FRANCO RABUÑAL, arquitectos





OBRADOIRO
114

ACONDICIONAMENTO DE VIVENDA PARA ESCOLA-TALLER

Arquitecto: **Jaime Rodríguez Abilleira e José Manuel Peña Serna**
Aparellador: **José Antonio Suárez Calviño**
Promotor: **Fondos de Promoción de Empleo**
Constructor: **Folgar, S. L.**
Data do Proxecto: **1988**
Remate da obra: **1989**
Situación: **Rúa do Doutor Corbal, 51. Teis. Vigo**
Fotografías: **Peña Senra**

Intervir sobre un edificio existente esixe un entendemento profundo da obra para conseguir como resultado un novo conxunto unitario.

O caso que nos ocupa plantexa reutilizar o palacete que o arquitecto Jenaro de la Fuente Álvarez construíra en 1941 para un destacado membro da alta burguesía viguesa como Escola-Taller, propiedade dos Fondos de Promoción de Empleo.

Esta casa é, para nos, unha ampliación da verticalidade das casas máis modestas: ten un soto, dúas plantas, un ático e un torreón.

A disposición actual das escaleiras dificulta a comprensión desta idea, así como o novo uso a que se destina o edificio.

A inserción de dúas novas escaleiras no espacio de distribución central, farán deste a columna vertebral do edificio, quedando a escaleira de servizo reducida ó seu tramo central.

Según Bachelard nas súas apreciacións sobre a poética do espacio, a escaleira que vai ó soto baixase sempre, é o descenso o que se conserva nas lembranzas. A escaleira principal sóbese e baixase, é unha vía máis trivial, é familiar. A escaleira do ático sóbese sempre, ten o sino da ascensión a lugares máis repousados.

O edificio estrutúrase da seguinte maneira:

- No soto sitúanse as aulas-obradoiro nas que se desenvolve o traballo máis pesado, así como os aseos xerais e a sala de caldeiras, con acceso exterior.
- Na planta baixa dispóñense, a ámbalas beiras da entrada: a recepción e unha zona de oficinas, un aseo, o cuarto de instalacións, a aula magna e un aula cun despacho anexo.
- Na planta primeira emprázanse catro aulas de traballo.
- No ático-torreón ubícanse as oficinas xerais de funcionamento do centro e a sala de profesores.


O troco no funcionamento, que esixe a adaptación permite acoller sen problemas o concepto de aula-obradoiro entendida como cuarto.

Partindo dun aula tipo e das necesidades que comporta procurouse ofrecer diversidade no seu tratamento a partires do lugar concreto no que se sitúa.


Os materiais empregados dispóñense, dende o máis pesado -mármore- ó máis lixeiro -madeira- seguindo un ordenamento vertical, aproveitando ó máximo os existentes.

As instalacións son por enteiro novas. Somentes a de calefacción foi parcialmente aproveitada.


No entorno, o ordenamento afecta só á parte máis achegada á casa, piscina e cenador.




OBRADOIRO
115




SOTO




PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA



ÁTICO E TORREÓN





1



2

NOVA SEDE DA SECÇÃO REGIONAL DO NORTE DA ASSOCIAÇÃO DE ARQUITECTOS PORTUGUÊSES

Projecto geral de arquitectura e coordenação: **Maria Helena Rente e José Carlos Portugal, arquitectos e Tiago Falcão, estudante de arquitectura (no concurso)**

Projecto do patio: **Alberto Carneiro, Escultor**

Assistência à obra em ligação à direcção da AAP-SRN: **José Bernardo Távora, José Gigante e Carlos Castanheira, arquitectos**

Empreitada geral e coordenação matriz: **Sociedade de Construções, Lda.**

Assessores para a conservação do espólio arqueológico: **Manuel Luis Real, Maria Isabel Pinto Osório, Drs.**

Consultor para o arranjo exterior: **Manuel Ferreira, Arquitecto paisagista**

Projecto de fundações e estruturas: **António Campos e Matos, José Vaz Pinto, engenheiros**

Medições e orçamentação: **Nelson Bertini**

Instalações: **Rodrigues Gomes, Fátima Pimenta, Manuel Carneiro Campos, engenheiros**

Execução dos elementos de iluminação por desenho: **Osvaldo Matos Ida. e Jorge Passos**

Mobiliário não fixo: **Adaptações do sistema "ARPA". José Manuel Carvalho Araújo, Arquitecto e**

Fernando Dias, engenheiro

Fotografias: **Luis Ferreira Alves**

Fotografias 1 e 2: **Xan M. Doce**

1. O Existente

Encontramos um farrapo. Um farrapo feito de restos desordenados de coisa vária.

Um edifício principal com um espaço interior semi destruído e que seria banal, não fora o peso da História pela quantidade de histórias que encerrava e devia contar.

Um pátio com um barraco semi recuperado e sem sentido.

Um estado geral de abandono e triste condição, de par com sinais do começo de uns trabalhos de recuperação que, ao que julgamos, de muito apressados quase matavam da cura o espólio arqueológico já descoberto.

Para além disto, e não menos importante, um levantamento de indesculpável imprecisão.

Mas a pesada herança, tinha também o seu tesouro escondido -o interessante espólio arqueológico e uma muito competente e profissional equipe de estudiosos cujo trabalho, na altura já publicado, nos permitiu estabelecer a base de partida para a concretização do projecto.

2. Os 7 Preceitos

I- Procurar organizar uma equipa pluridisciplinar onde seja possível ultrapassar a especialidade de cada discurso, em função de um conhecimento global de todas as tarefas.

II- Estudar cuidadosamente para obter um conhecimento tão rigoroso quanto possível da situação existente;

III- Operar um processo selectivo sobre o material existente, por forma a libertar o essencial do acessório;

IV- Procurar a estruturação, de uma ideia espacial global homogénea - sinais dominantes da composição / programa / organização funcional;

V- Investigar e seleccionar sistemas e materiais construtivos adequados à formulação anterior;

VI- Cuidar a regularidade e as regras da assistência à obra, fomentando pedagogicamente um ambiente de colaboração, na troca de conhecimentos de / para / entre operários das diferentes artes;

VII- Em todas as fases da operação, ter presente que o que resta do que estava feito importa à memória colectiva e, portanto, o que agora se faz - por oposição ou analogia - faz-se sobretudo para enfatizar o que estava feito.

3. As rudes pedras antigas

Talvez até seja possível chegar à fala com a alma do ínclito castrejo que as alinhou, uma após outra, em círculo.

Naquilo que fizemos hoje se consubstancia, realizada, a sua dimensão utópica de construtor.


Um dia, também, seremos nós ou algo por nós, a chegar à fala com o futuro.


Recuperamos edifícios, e nesses trabalhos, sempre conjugamos o verbo no Pretérito-Perfeito-Futuro:

CONSTRUI + REI


Por isso deve ser respeitosa a nossa presença. Esforçada e aplicada, mas respeitosa. E respeito é senso, equilíbrio e disciplina conceptual.

Tantos séculos depois daquelas rudes pedras antigas, a nossa presença não poderá ser meramente circunstancial. Nem por defeito, nem por excesso, pensámos nós.







PLANTA DO RÉS-DO-CHÃO




PLANTA DO PISO 1



PLANTA DO PISO 2




PLANTA DAS CUBERTURAS




CORTE TRANSVERSAL



RECEPÇÃO-ENTRADA




CORTE LONGITUDINAL




VÃO




ALÇADO SUL (Pátio de Acesso)



SECRETARIA






SALA DE CONFERÊNCIAS



SALA DE DIRECÇÃO



SALA DE LEITURA



PORMENORES DE EXECUÇÃO



PÁTIO



RUINAS-ENTRADA



NOVA SÉ DA DELEGACIÓN DO COAG EN LUGO

Arquitectos autores do proxecto: **Mercè Berenguè e Miguel Roldán Andrade**

Arquitectos directores de obra: **José Ignacio López de Rego Uriarte e**

Alberte González Rodríguez

Aparellador: **Xosé López Fernández**

Promotor: **Delegación en Lugo do COAG**

Data do proxecto: **1992**

Remate da obra: **1995**

Situación: **Rúa do Xeneral Tella esquina a Rúa Ribadeo, Lugo**

Fotografías: **Xurxo Lobato**

ANTECEDENTES

O edificio da nova sé da delegación do COAG en Lugo xurdiu dun concurso de ámbito estatal convocado no ano 1991. Presentáronse 38 proxectos dos que foi seleccionado o que resultou gañador, redactado polos arquitectos cataláns Mercè Berenguè Iglesias e Miguel Roldán Andrade.

As tres circunstancias que determinaban a posible solución eran: O programa de necesidades proposto nas bases, moi vasto e sumamente complexo; a parcela, en esquina e de forma sensiblemente cadrada (20x20 m) e por último, a ordenanza urbanística aplicable, de cidade xardín, que obrigaba a un recuado perimetral de 3 m, minguando bastante o volume aproveitable sobre rasante.

O PROXECTO

A solución dada polos autores do proxecto gañador (vid. OBRADOIRO nº 20) a estes factores condicionantes prevía unha estratificación vertical dos usos, facilitada pola construción de tres plantas de soto. A primeira recibiría luz natural a través do espazo previsto para a rampla de acceso ó garaxe. O cativo volume sobre rasante asumiría funcións representativas e de administración. Esquemáticamente, o desenvolvemento en vertical sería así:

- Planta ático: Cafetería.
- Planta primeira: Oficinas e biblioteca.
- Planta Baixa: Oficinas e Caixa de Arquitectos.
- Soto Primeiro: Sala de usos múltiples.
- Soto segundo: Garaxe.
- Soto terceiro: Arquivo.

A simplificación posterior do programa de necesidades modificou substancialmente a organización das plantas: variouse a situación da escaleira, simplifícouse a distribución das plantas ó eliminarse a Caixa de Arquitectos e a cafetería, obténdose espazos máis diáfanos.

Formalmente o proxecto prefiguraba un volume simple, produto da agregación de formas cúbicas que procuraban a adaptación do edificio ás ordenanzas de gálbo de cuberta e recuados a lindeiros. Na planta baixa aparece un soportal que enfatiza o acceso do edificio. Os materiais empregados (vidro e granito pulido) esvaen levemente a rotundidade do volume.

A OBRA.

Debido a diferencias xurdidas tralo remate do proxecto de execución, a Delegación do COAG convocou un concurso entre os arquitectos colexiados nesta demarcación colexial para substituír ós autores do proxecto no labor de Dirección das Obras. O equipo formado por José Ignacio López de Rego Uriarte e Alberte González Rodríguez foi o seleccionado.

A pretensión inicial reducíase a un escrupuloso seguimento do proxecto aprobado e a unha correcta

xestión da obra en curso. A escavación arqueolóxica modificou estas intencións ó descubrir no subsolo estruturas murarias que delataban un conxunto edificado que se prolongaba alén dos límites da parcela, vinculado ó Lugo romano alto-imperial. A opción conservacionista, alén das súas consideracións legais, foi vista dende o principio como a máis idónea, asumindo unha condición exemplarizante con riscos polémicos nunha cidade coma Lugo, tan abundosa en xacementos arqueolóxicos desta índole.


A relación da edificación cos restos implicou mudanzas que se levaron ó cabo procurando manter o espírito do proxecto. Eliminouse a rampla de acceso ó garaxe e habilitouse un patio inglés, na mesma cota que a sala de usos múltiples, onde se instaláron os devanditos restos arqueolóxicos. A pretensión é clara: Integrados dentro da estrutura do novo edificio ofrecen a súa contemplación tanto desde a rúa coma dende o interior, gañando protagonismo na composición.


Esta alteración tan importante da primeira planta baixo rasante repercutiu nas outras: Instalación dun montacoches arrimado á fachada norte que substitúe á rampla, traslado do cuarto de caldeiras e eliminación do centro de transformación, etc. En suma, simplifícaronse as distribucións interiores dos sotos, mantendo as plantas sobre rasante como estaban previstas no proxecto.

CONCLUSIÓNS.

O resultado final permite contemplar un edificio de matriz contemporánea asentado sobre os restos de Lugo primixenio. Asomándonos desde a beirarrúa podemos facer unha viaxe diacrónica de moitos séculos que nos trae evocacións da narración de Marco Polo ó Kublai Khan: "... a verdadeira Berenice é unha sucesión no tempo de cidades diferentes, alternativamente xustas e inxustas. Mais o que quería advertirche era outra cousa: Que tódalas Berenices futuras está xa presentes neste instante, envoltas unhas dentro das outras, apretadas, inextricables."







A ORIXE DA URBANÍSTICA NA CIDADE DA CORUÑA (II)

A nova relación cidade-mar: o proxecto praza da aduana-casas de paredes.

XOSÉ LOIS MARTÍNEZ SÚAREZ, arquitecto




O proxecto de regularización dunha Praza na Cidade Vella (1779), comentado no número anterior, propoñía unha actuación DENTRO da cidade medieval (1). A creación da praza arquitectónica pretende realizarse cunha triple finalidade: Institucional, mercantil e de decoro urbano. Trataríase, desde un punto de vista urbanístico, dunha operación de REESTRUCTURACIÓN DO ORGANISMO URBANO que conlevaría unha reorganización integral do emprazamento e do tecido edificatorio, para introducir as novas arquitecturas a escala urbana: demolición de edificacións particulares e da Igrexa de Santiago, trazado de novos aliñamentos co obxectivo de "regularizar una Plaza comoda para los mercados semanales" ou de regularizar unha rúa e incluso de creación de novo viario amplo e aliñado, o que permitirá á vez, regularizar as illas existentes así como crear novas illas para a Casa do Concello, Igrexa de Santiago ou novas casas particulares.


O segundo proxecto a analizar é o do conxunto Praza da Aduana-Casas de Paredes. Este proxecto entraría no apartado dos proxectos de ENSANCHE OU EXTENSION URBANA na beira litoral da cidade existente. A operación "...programada como expansión dun organismo existente comporta a proposta dun trazado viario e dun tecido parcelario previo á edificación" (2). Neste sentido é fundamental facer referencia á Real Cédula de concesión dos terreos que ocupan as casas da Mariña de data 5 de xullo de 1.779: "Atendiendo el Rey a las ventajas que se seguirán a esa ciudad que se halla reducida de habitaciones el darle algún ensanche para que pueda construirse mayor número de casas ha venido S.M. en permitir que se ocupe el terreno que media entre el caserío y los terraplenes que unen por la orilla del mar el recinto de la plaza alta, con casas, las cuales se construirán con las circunstancias y del modo que halle V.E. mas a propósito" (3).

Trátase pois, neste caso, de realizar un *ensanche* (sic) no que construír novas edificacións. Este ensanche non se produce sobre terreos ocupados por edificacións senón sobre un terreo vacante "...que media entre el caserío y los terraplenes..." que cumpría as funcións de foso, é dicir, unha función defensivo-militar na fronte marítima da zona denominada Arrabalde da Pescadería.

"El terreno consistía en una faja que limitaba las casas de la calle Real y del Rego de Agua entonces de humilde y de pobre aspecto, y se extendía desde la Puerta Real hasta el Cantón y era resultante de la reconstrucción y ensanche de las murallas que ceñía al puerto verificada poco antes, o sea, a mediados del siglo XVII" (4).

O "Plano de la Pescadería Arrabal de La Coruña con el proyecto de el petril" (5) datado en 1766 móstranos con claridade a obra executada desde 1740 na fronte do que hoxe serían os Cantóns Pequeno e Grande, e desde este ata a Porta Real (Fig. 1)





A amplitude e características topográficas do terreo vacante neste último tramo está debuxado nos Planos de Pedro Torbé (1765) e de Baltasar Ricaud (1769), nos que se pode observar tanto a altura do murallón como a anchura do andén superior (6) (Fig. 2 e 3).

No plano de B. Ricaud aparece un novo elemento de interese: "las dos comunicaciones que se proponen desde la calle Real al expresado murallón", é dicir, a conexión do elemento de carácter militar (o murallón co seu petril, andén e terraplén) coa trama viaria da cidade a través de dous puntos precisos: desde a rúa Real á Praza da Aduana (B), e desde a rúa Real-Praciña de San Xurxo ata o andén do murallón (Y).

O que era un elemento infraestructural de carácter defensivo-militar comunicábase por dous puntos coa rúa Real e iniciábase o proceso da súa transformación en rúa, é dicir, en elemento civil. Estes planos móstrannos un punto de interese na documentación gráfica elaborada nestes anos que queda definitivamente confirmado no "Plano de una porción de Arrabal de La Coruña que manifiesta el terreno que S.M. se sirvió conceder para la construcción de algunos edificios en aumento de ésta población contenido entre las casas actuales y muralla que por la parte del Puerto sigue desde la Puerta Real hasta la de la Torre de Abajo" de Pedro Martín Cermeño de data de 1780 (7).

Neste plano e coa letra "I" aparece xa o "...espacio de terreno comprendido entre las casas de particulares y el terraplén que igualmente se inunda repartido en diez solares para la construcción de otras tantas casas de las cuales la primera se halla ya empezada a continuación de la antigua, la 2ª, 3ª, 4ª y 10ª se están acopiando los materiales para empezar sus cimientos, con calle que las divide de las antiguas para


el libre uso de unas y otras, y las 5 restantes se irán repartiendo a proporción que acudan sujetos que quieran fabricar".

Temos xa, pois, un documento que presenta con claridade:

1. O trazado viario das rúas e da praza no que se mostran as rúas, tanto a que discorrería sobre o andén da muralla que dá ao Porto, como a "rúa nueva que debe regularizarse" entre as casas particulares e as novas edificacións, así como dúas rúas denominadas "calle que debe comunicar a la Real" e que en ambos os dous casos eran venelas de carácter público (pequenas rúas) polas que, seguramente, se accedería ao areal da baía, e polas que discorrerían as augas pluviais desde a rúa Real ata o mar. No plano de Baltasar Ricaud de 1.769, aparece reseñada unha delas como "calle que la ciudad ha permitido que la ocupase un particular fabricando en ella una casa".

2. Un parcelario previo á edificación que neste caso, se limita a dez solares.

Aliñamento de rúas e praza, regularización do trazado nas liñas de fachadas posteriores das casas da rúa Real, novas aperturas viarias e parcelación de solares veranse complementados cun documento que sería o instrumento a través do que se expresaría a "...condición de que ha de sujetarse y ceñirse precisamente en lo exterior del edificio y sus alturas a la idea que por mi se le prefije sin que en ningún tiempo ni por pretexto alguno pueda variarlas imperfeccionalmente el buen orden y simetría que tanto conviene observar para el decoro, decencia y comodidad de los pueblos..." (7), é dicir, o plano de "SERVIDUDE ESPETIAL D'ARCHITECTURE", a ordenanza de fachada á que se vería obrigado o concesionario dos terreos.



ARQUIVO DE D. CARLOS MARTÍNEZ BARBEITO

A CIDADE ILUSTRADA

A Praza de Aduana-Casas de Paredes é, coa súa presenza, un testemuño dunha nova maneira de entender a cidade, dun novo xeito de construíla: son as pegadas dun pequeno fragmento da "cidade da ilustración" as que se agochan tras o proxecto. A cidade ilustrada é, ante todo, aquela na que o poder toma consciencia da cidade como feito físico, a cidade como FORMA que se pode dominar e controlar. Funcionarios de élite da Administración do Estado Absolutista (arquitectos e enxeñeiros) serán os responsables de dar forma a esa consciencia do poder político. Nacen regras urbanísticas que se aplican a fragmentos completos de cidade e que, superando a individualidade de cada casa, perseguen intencionadamente a construción dunha nova orde urbana, na que ás tradicionais preocupacións exercidas no control de "police" sobre aspectos de seguridade, hixiene (saneamento, sumidoiros), ou funcionalidade viaria (rectificación puntual de aliñamentos), engádese a vontade explícita de dotala dunha FORMA ("...en lo exterior del edificio y sus alturas...") precisa, debuxada, concretada ata o máis mínimo dos detalles (alto de cornixa, volume, disposición de ocós, deseño de molduras, materiais, etc.).

Por primeira vez asistimos na cidade da Coruña a unha operación de CONTROL DA FORMA URBANA a través do proxecto dun fragmento de cidade. O debuxo de arquitectura a escala urbana xoga un papel clave no proceso. O DEBUXO DE ARQUITECTURA anticipa a FORMA URBANA, ao tempo que serve de pacto, de acordo de convenio entre partes: Por un lado, o PODER (e na súa representación "el Gobernador y Capitán General del Reino de Galicia y Presidente de su Real Audiencia") que exerce a súa autoridade nun campo ata entón inexplorado na historia da cidade; por outro, os particulares interesados na construción da cidade (os concesionarios das parcelas) que se someten ás esixencias estético-formais de "buen orden y simetría" prefixadas polo poder.

Esa vontade de control da forma urbana por parte do poder absoluto, exercida a través da competencia de ilustrados funcionarios de élite, conleva a invención do INSTRUMENTO por medio do que se exerce o control. Ese INSTRUMENTO concrétese no PROXECTO URBANO que se materializa no debuxo a diversas escalas a partir do que quedan "prefixadas" ata o máis mínimo detalle todas as compoñentes da operación: Desde a escala xeral da "porción do



arrabalde" ata a escala da moldura, do balcón, da varanda. Un elemento, A FACHADA, pertencente ao dominio privado da edificación particular devén en público e, polo tanto, é sometido ao "control estético" da administración nos seus aspectos formais dada a súa capacidade determinante de configurar a beleza do espacio urbano, das rúas e das prazas e, polo tanto, de incidir no "decoro, decencia y comodidad de los pueblos", ou sexa, da cidade mesma.

Joaquim Sabaté e Enric Serra aos que seguimos nestas liñas no seu artigo "Vindicació de les ordenances figuratives del Paris barroc" precisan o contido do documento:


"1er: Un traçat que defineix la geometría en planta de l'espai públic, i

2on. Un dibuix precís, fins a l'escala del detall, de la façana pública del perímetre edificat.

Els projectes responen sempre al carácter escenogràfic propi de l'arquitectura barroca. Aquesta concepció teatral de l'espai urbà arribà a la seva última expressió en el projecte-servitud de la place Vendôme. El Poder Absolut, per tal de garantir el decorat urbà, construeix a priori la imatge pública de l'edificació, i invita els promotors urbans de l'època a

intervenir a partir d'aquesta dada fixa" (9).

Evidentemente Paris non é A Coruña, a Place Vendôme (1.699) non é a Praza da Aduana- Casas de Paredes (1779), nin a capacidade económica disponible é a mesma. A construción do gran decorado das fachadas, previa á concesión dos terreos, esixiría un esforzo económico non asumible pola Administración Absolutista, de aí, a imposición da orde figurativa a través da "Servitude Espetial d'Architecture". A vontade de control queda de manifesto na Real Cédula na obriga de "sujetarse y ceñirse precisamente en lo exterior del edificio y sus alturas a la linea que por aquella autoridad se le prefijase sin que en tiempo ni por pretexto alguno pudiese ser variado imperfeccionando el buen orden y simetría que tanto convenía observar para el decoro, decencia y comodidad de los pueblos ordenando además que para que pudiese exigirse su cumplimiento se registrasen las licencias en el Ayuntamiento y el Capitular encargado de la policía promoviese su puntual observancia dando cuenta al Capitán General para llevar a efecto su providencia así en lo presente como en lo futuro puesto que la concesión era gratuita". (10).











O conxunto Praza da Aduana-Casas de Paredes constitúe a primeira rúa regular da cidade da Coruña: é o primeiro intento en establecer unha ordenanza de deseño de rúa que pretende abrir o camiño a unha disciplina superadora do individualismo xeneralizado nas rúas coruñesas. O método compositivo da fachada é ben simple: trátase da redución da fachada aos códigos da orde clásica. A planta baixa, a modo de podium ou basa, soportaría as dúas plantas superiores nas que se destacaría un leve resalte a modo de pilastra no pano de fachada, que remataría á súa vez nun potente cornixamento. Unha cuberta única dotaría a todas as parcelas dun elemento unitario.

O carácter de base ou pedestal da planta baixa refórzase coa utilización dun pórtico corrido ao longo de toda a fachada cunha profundidade de 3,3 m., e no que os piares cadrados de 80 cm x 80 cm. marcan o ritmo do conxunto cada 2,30 metros.

A énfase ornamental concéntrase na primeira planta: un balcón corrido en voadizo de 78 cm. enfatiza o carácter principal desta planta que se destaca aínda máis co potente gardapós cun frontón triangular que sobresaie 25 cm. do pano da fachada. O acceso directo de todos os ocos ao balcón corrido denuncia a intencionalidade de búsqueda do espectáculo de contemplación da baía.

¿Que sentido pode ter senón, ese balcón corrido ao longo de 300 metros de fachada? Só pode entenderse se se concibe como mediación, como elemento de relación entre o privado (vivenda) e o público (a baía). Neste senso, a gran balconada corrida da Plaza Mayor de Salamanca (1729-55) ou de "La Corredera" de Córdoba (1683) poderían ser vistas como precedentes cultos do conxunto coruñés. Sen embargo, hai unha diferenza substancial no caso da cidade galega. Mentres "La Corredera" ou a Plaza Mayor son espazos urbanos "interiores" destinados a ser utilizados para actos oficiais institucionais, funcións relixiosas, actividades mercantiles (mercados) e espectáculos públicos (corridas de touros, actos de lecer, etc), a Praza da Aduana - Casas de Paredes ofrecen esta





balconada para a simple contemplación do gran espectáculo da natureza, da baía e do porto, en fin, da paisaxe mesma.

É por isto que, urbanisticamente, desde o punto de vista da manipulación e creación do espazo urbano, están máis próximas as experiencias da Place Royale de Burdeos (1729-43), a Praza do Comercio de Lisboa (1756) e mesmo o propio Crescent de Bath (1767-74) aínda que en todos estes casos o balcón é individual en cada oco da fachada. Como na Coruña, a natureza convírtese en referente obrigado e en obxecto de contemplación e deleite do que o habitante pode (¡debe!) gozar desde a súa propia vivenda. Para conseguir este obxectivo os cuartos dianteiros ábreanse sobre o balcón corrido da primeira planta a través de amplas portas-ventás, e na segunda planta a través de ventás de guillotina; en ambos os dous casos a ampla superficie acristalada permitirá a apropiación da paisaxe como valor urbano.

Pero ao mesmo tempo, o artefacto, o edificio, a cidade, constrúese, fábricase para ser contemplada desde a natureza. No caso de Bath desde *"o inmenso green que descende ata o río Avon"* (11), nos casos de Burdeos, Lisboa, A Coruña, son o río Garona, o río Tejo e a enseada da Mariña os que serven de plataforma para a súa contemplación.

A cidade, entendida como vista, despregaríase ao xeito dun gran decorado ao longo de 300 metros de fachada ante os ollos do viaxeiro que, desde as lonxanas colonias, arriba ao porto no remate da súa viaxe: a súa mirada contemplaría o espectáculo dunha cidade culta e refinada a través da imaxe equilibrada, ordenada, en fin, ilustrada. Tras deste telón agocharíase o tecido do arrabalde da Pescadería herdeiro da cidade gótica coas súas angostas e sinuosas rúas, co seu parcelario estreito e profundo sobre o que se levantaban as casas *"de humilde y pobre aspecto"*, de un ou dous corpos, todas diferentes e fiel reflexo dunha sociedade complexa e buliciosa de mariñeiros, artesáns, tendeiros, pequenos comerciantes...

A RESIDENCIA COMO MATERIAL DO PROXECTO


Aquí tamén podemos continuar á busca da especificidade desta parte fundamental da historia urbana coruñesa: o proxecto da Place Royale de Burdeos ten como obxectivo a creación dunha imaxe urbana unitaria que dea valor e sirva de decorado a unha estatua real. No conxunto, o "peso" dos edificios institucionais é importantísimo, destinándose as dúas ás máis próximas ao río a acoller o Hôtel des Fermes du Roy e o Hôtel de la Bourse. No caso de Lisboa, esta "institucionalización" do espazo urbano é total: A Bolsa, a Aduana, o Arsenal da Mariña marcan co selo do poder o espazo da Praza do Comercio.




No proxecto do conxunto urbano Praza da Aduana - Casas de Paredes o edificio institucional destácase a través da configuración espacial da Praza: o espazo amplíase, introdúcese no cadro frontal da Aduana, quebrando regularmente, de xeito controlado pola racionalidade do trazado, o aliñamento contínuo da edificación.

O obxectivo do conxunto urbano Praza da Aduana - Casas de Paredes é o decorado urbano per sé, decorado urbano que se establece a partir dunha orde baseada nun elemento susceptible de ser repetido indefinidamente en edificios que maioritariamente teñen carácter residencial, destinados a vivendas unifamiliares adosadas (na terminoloxía actual), cunha excepcional posición fronte á baía, vista desde un enfoque novidoso na percepción da estrutura urbana, o que xustificaría o exquisito cuidado que a Administración ilustrada prestaría a este fragmento.

Esa especificidade no "trato" patentízase aínda máis na utilización das arcadas ao longo de toda a fronte, nun momento no que estaban a ser derribadas na maioría das rúas da Cidade Vella (12).

As vivendas construíríanse sobre un parcelario que, pola súa fronte de fachada, cabe calificar de excepcional no tecido urbano: a división parcelaria presente no tramo Praza da Aduana-Igrexa de San Xurxo reflicte tres tipos de solares aos que corresponderían tres, catro ou cinco ocos con frontes de 9,60 m. (solares nos. 2,6,7 e 8), 12,80 m. (solares 4 e 9) e 16 m. (solar 5). A profundidade tipo é de 12 m. desde a liña de fachada, aínda que os solares 1º, 2º e 3º, debido á quebra do andén nas proximidades da igrexa, teñen profundidades diferentes.





A LINEALIDADE DO PROXECTO

A experiencia coruñesa levaríanos a recorrer o camiño que anos despois remataría na Rue de Rivoli Parisina (1802, Percier e Fontaine).

A fachada pública da edificación residencial privada desde a Place de la Concorde ábrese no primeiro tramo sobre os xardíns das Tullerías e ó río Sena, para máis tarde, dar fronte ao propio palacio do Louvre: nada pode quedar ao azar ou á arbitrariadade dos particulares.

Como nas casas de Paredes, as edificacións da rúe de Rivoli disporán dunhas amplas arcadas que crearían un porche cuberto continuo de 3,24 m. de profundidade ao longo de todo o seu trazado; un balcón corrido nas plantas 1ª e 3ª permitirá tamén aos seus habitantes a apropiación do gran espectáculo da natureza, dos xardíns e do río. Como nas Casas de Paredes, o balcón en voadizo de 79,5 cm. posibilitaría a colocación dunha fina reixa (barroca na Coruña, neoclásica en París) que non obstaculizará a visión desde o interior da vivenda a

través das amplas portas-ventás acristaladas desde 30 cm. sobre o pavimento.

Por último, hai outro aspecto que nos interesa salientar pola novidosa aportación do conxunto Praza da Aduana-Casas de Paredes: A LINEALIDADE do Proxecto Urbano. A disposición de solares configurando unha estrutura lineal e aberta mostra a vontade de constituir un eixo desde a Porta Real ao Cantón Grande. Esta vontade explicitase aínda máis coa referencia a "*....la formación de una Plaza de mercado diario " no " terreno entre la parroquia de San Jorge y el Terraplén que se inunda con la creciente de la mar" que recolle o Plano de Martín Cermeño de marzo de 1780. Sería o precedente da Praza da Verdura, única que existiría na Pescadería ata o seu traslado á Horta de San Agustín (actual mercado de San Agustín) cando a Desamortización de Mendizabal (1838). Novas rúas, Praza da Aduana, Praza do mercado, edificio institucional, parcelación para edificios residenciais, aliñamentos, ordenanzas de fachadas....*



A INTERRUPCION DO DISCURSO

O discurso da Cidade Ilustrada no conxunto Praza da Aduana-Casas de Paredes interrompiuse aos poucos anos de comezar.

